

CARTA EUROPEA PARA AS LINGUAS REXIONAIS OU MINORITARIAS



Claudine Brohy,
Vincent Climent-Ferrando,
Aleksandra Oszmiańska-Pagett
e Fernando Ramallo

Actividades para a aula

CARTA EUROPEA PARA AS LINGUAS REXIONAIS OU MINORITARIAS

Actividades para a aula

As opinións expresadas neste documento son de exclusiva responsabilidade dos autores e non reflicten necesariamente a postura oficial do Consello de Europa.

Deseño da portada e maqueta:
Departamento de Produción de
Documentos e Publicacións (SPDP),
Consello de Europa
Fotografía da portada: ECRML

© Consello de Europa, maio de 2019

Título orixinal:
*European Charter for Regional or
Minority Languages. Classroom activities*

Traduce e imprime:
Xunta de Galicia, setembro de 2019

ISBN: 978-84-17094-79-9
Depósito legal: PO 537-2019

Autores:

**Claudine Brohy,
Vincent Climent-Ferrando,
Aleksandra Oszmiańska-Pagett
e Fernando Ramallo**

Índice

LIMIAR	5
SOBRE AS ACTIVIDADES PARA A AULA	7
PARTE A. INTRODUCCIÓN XERAL	9
1. A diversidade lingüística	9
2. A Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias	12
PARTE B. ESTUDOS DE CASOS: A CONFEDERACIÓN SUÍZA, ESPAÑA E POLONIA	17
3. A Confederación Suíza	17
4. España	23
5. Polonia	29
PARTE C. ACTIVIDADES DIDÁCTICAS	35
GLOSARIO	54
BIBLIOGRAFÍA	57

Limiar

Como presidenta do Comité de Expertos da Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias do Consello de Europa, é un gran pracer para min poder presentar esta publicación, a cal se elabora para celebrar o vixésimo aniversario da entrada en vigor da Carta en 1998. A Carta é o único convenio internacional xuridicamente vinculante dedicado exclusivamente á protección e á promoción das linguas rexionais e minoritarias. Ata o de agora, a Carta abrangue unhas 80 linguas das máis de 200 comunidades lingüísticas.

Este documento xorde como resultado dunha meditada reflexión sobre a importancia de mellorar a visibilidade da Carta, especialmente a través do sistema educativo. O seu obxectivo principal é proporcionarlle á comunidade educativa unha ferramenta útil para divulgar información sobre a Carta e as linguas minoritarias, e, deste xeito, concienciar sobre a diversidade lingüística.

Gustárame darlles as grazas a Fernando Ramallo (Universidade de Vigo), Claudine Brohy (Université de Fribourg/Universität Freiburg), Vincent Climent-Ferrando (Rede Europea para a Promoción da Diversidade Lingüística, NPLD) e Aleksandra Oszmiańska-Pagett (Wyższa Szkoła Języków Obcych, Poznań), membros do grupo de traballo ao que o Comité de Expertos lle encomendou redactar esta inspiradora publicación.

Agardo que esta obra axude a comprender mellor os puntos fortes e as dificultades que caracterizan a situación das linguas minoritarias, así como a necesidade de seguir promovéndoas como patrimonio cultural común.

Vesna Crnić-Grotić

Presidenta do Comité de Expertos da Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias

Sobre as actividades para a aula

A presente publicación está composta de tres partes. A Parte A fai unha presentación xeral da diversidade lingüística e describe a Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias como instrumento xurídico. A Parte B inclúe tres exemplos prototípicos de perfís de países que ratificaron a Carta —Polonia, España e a Confederación Suíza— e que teñen diferentes estruturas administrativas. A Parte C contén dez actividades didácticas sobre cuestións relacionadas coas linguas minoritarias. Tendo en conta que os sistemas educativos dos países europeos son diferentes e están en continuo proceso de cambio, as actividades aquí presentadas deseñáronse co fin de facilitar a súa adaptación ao contexto específico de cada país. Finalmente, inclúense un glosario coa definición dos principais termos empregados neste documento e mais unha bibliografía.

Esta publicación pretende servir como punto de partida para un proxecto en liña do Consello de Europa que acollerá outros perfís de países e máis actividades didácticas. A medida que o proxecto se vaia desenvolvendo, porá de manifesto unha visión máis clara da diversidade lingüística e axudará a sensibilizar sobre os problemas das linguas minoritarias nas nosas sociedades.

Animamos a todos os interesados a traducir este documento ao maior número de linguas posible co obxectivo de garantir un amplo acceso á información aquí presentada.

Parte A.

Introdución xeral

1. A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA

A linguaxe é una facultade común e específica dos seres humanos que nos distingue do resto da natureza. Esta capacidade universal queda patente na diversidade de linguas que existe en todo o mundo como consecuencia dun continuo proceso evolutivo de adaptación aos diferentes contextos físicos, culturais e sociais que condicionan a vida cotiá de cada grupo humano. Todas as linguas son unha manifestación desta facultade humana. A diversidade lingüística constitúe a proba da pluralidade e da riqueza da humanidade, e é a expresión plural desta capacidade humana a que permite que cadaquén contribúa á mesma.

As linguas fixeron posible a nosa adaptación a distintos medios naturais e culturais, xa que nos permiten codificar, categorizar e rexistrar as realidades que nos rodean. Empregamos as linguas con diferentes propósitos: comunicarnos é unha das principais funcións das linguas, pero non é a única. As linguas permítenlles ás persoas formar vínculos entre elas. Úsanse para simbolizar a realidade, para expresar emocións e con fins creativos e recreativos. A lingua é un dos trazos que define unha comunidade, pois expresa e reforza a súa identidade cultural. Como vehículos de comunicación e complicidade, permiten o contacto e o intercambio con outras linguas e con outras comunidades; fortalecen a cohesión dentro dunha comunidade ao mesmo tempo que o contacto con outras linguas.

Todas as linguas reflicten e revelan a evolución dunha sociedade, así como a súa estrutura, o seu modo de vida, a súa visión do mundo e as súas expresións culturais. As diferentes perspectivas do mundo que ofrece cada lingua son unha inestimable fonte de riqueza. A vantaxe das linguas é que poden ser ensinadas e aprendidas e, por tanto, facilitar a comunicación entre comunidades.

Malia que se descoñece o número exacto de linguas que existen no mundo, estímase que hai arredor de 7 000 e distribúense de xeito desigual entre os diferentes continentes, sen seguiren un padrón relacionado coa demografía. De feito, un territorio como Oceanía, con só 42 millóns de habitantes, ten máis de 1 300 linguas. Isto significa que o 18,5% da totalidade de linguas do mundo se fala nun territorio que só representa o 0,6% da poboación mundial total.

Aínda que todas as linguas teñen a mesma finalidade, independentemente da súa estrutura ou do número de falantes, non todas se empregan nos mesmos ámbitos. Por razóns políticas, militares e económicas, unhas cantas linguas estendéronse por amplas zonas do mundo ata se converteren en linguas internacionais, o cal supón que se falen e se aprendan maioritariamente como linguas francas en todo o mundo. Outras linguas non teñen tantos falantes, pero reciben o apoio do goberno ao seren consideradas linguas oficiais. Estas linguas empréganse en todos os ámbitos da vida, tanto en público como en privado. Non obstante, a inmensa maioría das linguas só as falan certas comunidades dunha rexión ou dun territorio dentro dun país, polo que reciben o nome de «linguas minoritarias», a diferenza das «linguas maioritarias», que adoitan ser linguas estatais que coexisten coas linguas minoritarias e coas da inmigración.

Esta distinción entre linguas maioritarias e minoritarias non sempre está baseada no número de falantes, senón máis ben, nalgúns casos, no grao de poder político do que gozan. Historicamente, as linguas que a miúdo se percibían como as de maior importancia pertencían a países poderosos. Estes Estados mostrábanas como grandes linguas, faladas por grandes culturas, en detrimento das comunidades lingüísticas máis reducidas.

Agás en casos moi específicos, as linguas non desaparecen por causas naturais, senón que, para sermos máis exactos, na realidade son substituídas, un feito típico dos procesos de primacía política e económica. O proceso de substitución dunha lingua por outra maior implica graves fisuras no que concirne á integración interxeracional e á cohesión social dunha comunidade. Existe un horizonte difuso entre unha lingua en evolución e unha lingua que está a ser lentamente substituída por outra. Un fenómeno que adoita explicarse como un proceso natural ten habitualmente consecuencias negativas nunha comunidade lingüística e na riqueza lingüística do planeta.

Se non se toman medidas urxentes para contrarrestar esta situación, a finais do século XXI moitas das linguas que se falan actualmente xa non existirán.

A maioría das linguas europeas necesitan ser protexidas e promovidas para garantir que as vindeiras xeracións das comunidades en que sobreviviron durante séculos as empreguen. A recente experiencia leva a unha desalentadora conclusión: a desaparición das linguas xa é un feito en todo o mundo, a maioría das veces por culpa do desprazamento e, finalmente, do abandono por parte dos seus falantes ao preferiren a outra lingua en competencia.

As linguas desaparecen porque outras linguas ocupan o seu espazo como resultado de diversos procesos complexos de expansión cultural, política ou económica, que non están exentos de conflito. É ben sabido que se unha lingua goza de suficiente protección xurídica, as posibilidades de que non desapareza co tempo son maiores. Isto é o que ocorre coas linguas oficiais, que contan con garantías inexistentes para a maioría das linguas que non teñen este status legal. Grazas ao seu enfoque intercultural e plurilingüe, a Carta é o instrumento máis eficiente para a protección e a promoción das linguas rexionais ou minoritarias de Europa.

1.1. Por que é importante fomentar a diversidade lingüística?

A substitución dunha lingua non só supón a perda dun elemento básico de comunicación, senón tamén a perda da totalidade dun sistema de coñecemento desenvolvido ao longo do tempo e mais dun universo único e irreproducíbel conectado cunha contorna específica; é dicir, a perda da diversidade. Privar un pobo da súa lingua significa privalo da manifestación máis extraordinaria e natural do seu xeito de ser humanos. Ninguén sae gañando cando unha lingua se perde.

A preservación das linguas, independentemente do seu número de falantes e de se se consideran maioritarias ou minoritarias, require un novo enfoque sobre a concepción da diversidade lingüística. Debe traballarse para combater os prexuízos e as ideoloxías sobre as linguas minoritarias, de modo que a diversidade e o diferente se vexan de xeito positivo e as linguas se consideren bens prezados que se poden promover activamente.

Debe prestárselle especial atención a aquelas linguas minoritarias que teñen dificultades para sobreviviren e que precisan de máis apoio, o único xeito de prosperaren. Deben facerse todos os esforzos posibles para axudar aqueles falantes que máis o necesiten para que poidan participar e contribuír ao desenvolvemento humano en igualdade de condicións.

É importante considerar o papel fundamental que representan os centros escolares na adopción dun enfoque positivo sobre a diversidade lingüística e de todas as linguas como bens prezados que se deben promover activamente. Esta tamén é responsabilidade das institucións locais, rexionais e estatais, principalmente, así como das organizacións internacionais. Por este motivo, a escola é o ámbito axeitado para promover a diversidade lingüística como unha realidade e un ben prezado, especialmente en contextos de monolingüismo oficial, para crear conciencia e para combater calquera tipo de discriminación das minorías e das linguas rexionais e minoritarias.

1.2. Que se pode facer no sistema educativo?

As escolas representan un papel crucial na promoción das linguas minoritarias, non só nos territorios onde se falan, senón tamén con especial importancia nas áreas monolingües. Isto débese a que poden concienciar da existencia desas linguas dentro do país e adoptar un modelo de convivencia en que a diversidade lingüística sexa o argumento central. Por esta razón, é esencial desenvolver materiais pedagóxicos para axudar a elixir unha estratexia que conciba a diversidade lingüística como unha vantaxe.

A miúdo dáse o caso de que algunhas linguas internacionais coma o inglés ou o castelán se consideran máis importantes e útiles, mentres que ás linguas minoritarias habitualmente se lles dá un valor máis identitario ou emocional sen pensar na súa utilidade. O sistema educativo debe combater estes prexuízos e participar nun enfoque máis inclusivo con todas as linguas que destaca o seu valor e a súa riqueza.

A Parte C desta publicación inclúe unha serie de actividades para desenvolver nas aulas que axudarán a fomentar unha visión máis ampla e inclusiva sobre a diversidade lingüística.

2. A CARTA EUROPEA PARA AS LINGUAS REXIONAIS OU MINORITARIAS

2.1. Que é a Carta?

A Carta é un convenio internacional que foi elaborado para dar apoio ao desenvolvemento das linguas rexionais ou minoritarias, é dicir, axudar os usuarios destas linguas a teren a oportunidade de empregalas na escola, no traballo, nos medios de comunicación, no ámbito xudicial, ante a Administración, en ámbitos económicos e culturais etc. Tamén pretende axudar os gobernos a comprenderen o que poden facer para que isto sexa

posible e para lles ofrecerem as devanditas oportunidades aos seus falantes. Calquera Estado membro pode asinar e ratificar este convenio, e, por outra banda, o Comité de Ministros do Consello de Europa pode invitar a calquera país que non sexa membro do Consello de Europa a se adherir a esta Carta. É importante destacar que, para que a Carta entre en vigor, non só debe ser asinada, senón tamén ratificada. En 2018, 25 dos 47 Estados membros do Consello de Europa xa a ratificaran e outros oito países só a asinaron.

A Carta contén cinco partes, das cales só a segunda e a terceira inclúen as obrigas relacionadas coa protección e a promoción das linguas minoritarias. A Parte II abrangue todas as linguas rexionais ou minoritarias dos Estados, mentres que as linguas da Parte III dependen da escolla dos Estados. Isto significa que nalgúns casos unha lingua só estará cuberta pola Parte II, como o francoprovenzal en Suíza ou o aragonés en España. As Partes I, IV e V tratan sobre a aplicación técnica deste convenio.

2.2. Que son as linguas minoritarias segundo a Carta?

A Carta aplícase ás linguas rexionais ou minoritarias faladas tradicionalmente nunha ou máis rexións dun país. Esta define as linguas minoritarias como aquelas «empregadas tradicionalmente nun territorio dun Estado por cidadáns dese Estado que constitúen un grupo numericamente inferior ao resto da poboación do Estado», e que son «diferentes do(s) idioma(s) oficial(ais) deste Estado; sen incluír os dialectos da(s) lingua(s) do Estado nin as linguas dos migrantes».

Aínda que estas linguas se consideren minoritarias, poderíase dar o caso de que algunha delas sexa a lingua maioritaria da rexión onde se fala, pero non no conxunto do Estado. Un exemplo sería o galego en Galicia.

Con frecuencia, o uso das linguas minoritarias no ámbito público é limitado: nas escolas, no ámbito xudicial, nos medios de comunicación, na Administración ou nos hospitais, por exemplo. Por conseguinte, tanto o número de falantes como o status legal da lingua son criterios decisivos á hora de considerar se unha lingua é minoritaria ou maioritaria. Unha lingua pode ser numericamente dominante nunha rexión e, aínda así, ser unha lingua minoritaria desde a perspectiva do seu status legal ou da súa visibilidade social se se compara con outras linguas estatais. Nunha Europa caracterizada por unha mobilidade extraordinaria, o matiz «empregadas tradicionalmente nun Estado» é fundamental para entender que as linguas da inmigración recente non entren dentro da protección da Carta.

O proceso de minorización lingüística pode ter varias orixes. Nalgúns casos, existen rexións dentro dos Estados europeos onde se empregou tradicionalmente unha lingua diferente á lingua estatal (por exemplo, o galés no Reino Unido ou o frisón nos Países Baixos). A outra razón é que as fronteiras de Europa cambiaron constantemente ao longo da historia e é frecuente que algúns territorios pertenceran a diferentes Estados (por exemplo, o lituano en Polonia e o polaco en Lituania, ou o alemán en Polonia). O outro exemplo evidente é o da mobilidade, é dicir, o número cada vez maior de xente que se traslada a outro territorio para vivir e traballar. Neste caso, a súa lingua sería clasificada como lingua minoritaria de inmigrantes, unha tipoloxía que non cobre a Carta.

Aínda que o criterio territorial é fundamental á hora de considerar as linguas protexidas pola Carta, hai outras linguas en Europa que carecen dun territorio, pero que son faladas historicamente por cidadáns dese Estado. A Carta tamén protexe estas linguas, coñecidas como «linguas non territoriais», concretamente, o yiddish e a lingua das comunidades xitanas, espalladas por Europa durante centos de anos e cunha vitalidade desigual nos diferentes Estados. O número de linguas protexidas nos respectivos Estados vai dunha a vinte. Por exemplo, Dinamarca só protexe unha lingua, mentres que Bosnia e Hercegovina protexe quince e Romanía vinte.

2.3. Por que é necesaria a Carta?

O obxectivo da Carta é cambiar esta situación e garantir a existencia de oportunidades de emprego real das linguas rexionais e minoritarias tradicionais, non só no ámbito doméstico. Noutros casos tamén axuda os falantes a aprenderen a lingua dos seus avós e bisavós cando non tiveron posibilidade de facelo na casa.

Así e todo, non abonda con aprender a lingua minoritaria, senón que é importante garantir a súa presenza noutros ámbitos, como a xustiza, a Administración, os medios de comunicación ou a vida cultural, económica e social.

O principal propósito da Carta é axudar as persoas a aprenderen a lingua máis alá das aulas, é dicir, darlles a oportunidade de desenvolveren as súas habilidades lingüísticas grazas a ler novas e libros, a escoitar cancións, a ver obras de teatro ou películas ou a mesmo se converteren en xornalistas, directores de cine ou actores.

2.4. Como funciona a Carta?

Cando un Estado ratifica a Carta, examina —de acordo cos criterios da propia Carta— que «linguas rexionais ou minoritarias» se usan no país e cales se promocionarán en virtude do tratado. Ese Estado tamén deberá elixir unha serie de obrigas dunha lista incluída na Carta relacionadas con diferentes áreas, como a escola, a xustiza, os medios de comunicación, a Administración, a cultura, a vida empresarial e os intercambios transfronteirizos (todas recollidas na Parte III da Carta). Por exemplo, un Estado pode comprometerse a impartir todas ou algunhas das materias escolares nesta lingua, ou a ofrecer o estudo da lingua minoritaria como unha materia. En canto aos medios de comunicación, outro exemplo sería que un Estado pode elixir se financiar a creación dunha televisión ou dunha emisora de radio integramente na lingua minoritaria ou simplemente achegar axuda económica para o desenvolvemento de programas. Para decidir o que se fará nun ámbito específico da vida pública, o Estado debería consultar os falantes da lingua minoritaria, é dicir, as organizacións non gobernamentais.

Outra opción que ten o Estado é indicar as linguas rexionais ou minoritarias que só cubrirá a Parte II da Carta, na cal se inclúen as obrigas referentes á promoción das linguas minoritarias nos mesmos ámbitos da vida pública que na Parte III, pero formuladas en termos algo máis xerais, que se deberán cumprir na totalidade. Por exemplo, un Estado está obrigado a ofrecer o ensino e o estudo das linguas minoritarias en todos os niveis apropiados. Neste caso, o Estado, en colaboración cos e coas falantes da lingua minoritaria, decide o mellor xeito de ensinar e aprender esta lingua, así como os niveis de educación.

As Partes contratantes da Carta deben informar o Consello de Europa sobre a súa aplicación do tratado. A partir do 1 de xullo de 2019, deben presentar un informe exhaustivo periódico cada cinco anos, e dous anos e medio despois deste, información sobre as medidas prioritarias tomadas. Tras recibir o informe periódico, unha delegación do Comité de Expertos da Carta visita o país para falar con organizacións non gobernamentais da lingua minoritaria e coas autoridades gobernamentais co fin de avaliar se se puxeron en marcha as medidas e se estas funcionaron.

Despois da visita, o Comité de Expertos elabora o seu propio informe avaliativo e envíallo ao Estado para que presente as súas observacións. O proceso remata coa adopción por parte do Comité de Ministros das recomendacións sobre as principais accións necesarias para mellorar a situación das linguas minoritarias no Estado e coa publicación do informe.

Parte B.

Estudos de caso: Suíza, España e Polonia

Cada un dos 25 Estados que ratificaron a Carta teñen o seu propio contexto histórico, a súa diversidade cultural e o seu marco xurídico. Por razóns de espazo, este documento inclúe información sobre tres Estados que, sen perderen a súa singularidade, representan exemplos paradigmáticos. Estes tres Estados son Suíza, España e Polonia. O criterio principal para xustificar esta selección é a estrutura administrativa do Estado. Suíza pode considerarse un modelo de estado federal, onde cada cantón ten un gran nivel de autonomía, así como a súa propia Constitución (similar ás de Austria ou de Alemaña). España defínese como un Estado con distintas autonomías cunha gran descentralización, que inclúe as competencias lingüísticas, as cales dependen principalmente das rexións, chamadas *comunidades autónomas*. Por último, Polonia é un exemplo de Estado centralizado, similar en certo modo a moitos dos Estados que ratificaron a Carta.

3. CONFEDERACIÓN SUÍZA

3.1. Información xeral

Suíza pasou gradualmente de ser unha alianza entre tres cantóns en 1291 a unha confederación altamente descentralizada de 26 cantóns hoxe en día. O primeiro territorio francófono de pleno dereito que se adheriu á federación foi o cantón bilingüe de Friburgo (1481), mentres que os últimos tres cantóns (Valais, Neuchâtel e Xenebra) se adheriron en 1815. O último cambio nos cantóns tivo lugar coa creación do cantón de Xura en 1978, tras a súa escisión do cantón bilingüe de Berna. A federación libre de cantóns que existiu desde a Revolución Francesa era unha entidade de fala alemá. No entanto, nunca xermanizou os cantóns aliados nin os territorios ocupados. En 17 dos 26 cantóns, o alemán é a lingua oficial de ámbito local e cantonal, mentres que en tres cantóns é o francés. En dous cantóns, o francés (Xura) e o italiano (Tesino) son respectivamente as linguas oficiais, mentres que o alemán se

emprega nun concello respectivamente. Tres cantóns son bilingües (francés e alemán) e un, trilingüe (alemán, romanche e italiano).

O status federal e o principio de subsidiariedade do país cos seus 26 cantóns —todos eles con constitución, parlamento e goberno propios, e soberanos en canto a educación e a cultura, entre outras cuestións relacionadas coas linguas— considéranse unha garantía da cohesión social e da protección e da preservación das linguas nacionais. A Confederación Suíza promulgou en 2007 unha Lei de linguas federal e en 2010 un Decreto de linguas federal que afondan no estipulado dentro do artigo 70 da Constitución Federal sobre os idiomas oficiais.

Artigos referentes á diversidade lingüística e ao uso na Constitución Federal (1999)¹

Preámbulo

...

aspirando a convivir en unidade con respecto mutuo e en consideración da súa diversidade

...

Art. 4 Idiomas nacionais

Os idiomas nacionais son o alemán, o francés, o italiano e o romanche.

Art. 18 Liberdade de elección lingüística

Garántese a liberdade de elección lingüística.

Art. 31 Privación de liberdade

2. Toda persoa que se vexa privada da súa liberdade debe ser informada, de forma inmediata e nun idioma que comprenda, das razóns desta privación e dos seus dereitos.

Art. 69 Cultura

3. No cumprimento das súas atribucións, [a Confederación] terá en conta a diversidade cultural e lingüística do país.

1. Esta tradución foi feita cun carácter meramente informativo e non ten ningún valor xurídico.

Art. 70 Linguas

1. As linguas oficiais da Confederación son o alemán, o francés e o italiano. O romanche tamén é unha lingua oficial nas relacións que a Confederación manteña con persoas que falan esta lingua.
2. Os cantóns determinarán as súas linguas oficiais. Co fin de preservar a harmonía entre as comunidades lingüísticas, respectarán a distribución territorial tradicional das linguas e terán en consideración as minorías lingüísticas autóctonas.
3. A Confederación e os cantóns fomentarán a comprensión e os intercambios entre as comunidades lingüísticas.
4. A Confederación apoiará os cantóns plurilingües na execución das súas atribucións particulares.
5. A Confederación apoiará as medidas que tomen os cantóns dos Grisóns e de Tesino para a conservación e a promoción do romanche e do italiano.

Art. 175 Composición e elección

Ao elixir o Consello Federal [o goberno federal], debe garantirse unha representación axeitada das rexións e das linguas nacionais.


Existen varios textos xurídicos de ámbito nacional que tratan sobre as linguas e o plurilingüismo, como nos sectores dos medios de comunicación, da asemblea federal, da educación, da cultura etc. Todos os cantóns plurilingües contan con disposicións, en maior ou menor medida, sobre o emprego das súas linguas oficiais e doutras variedades nas súas constitucións e no seu sistema legislativo. O cantón dos Grisóns ten unha Lei de linguas (2006) e un Decreto de linguas (2007) que regulan os detalles relativos á tradución e ao emprego das tres linguas oficiais nos eidos da Administración, da política e da educación, así como a promoción e a protección das dúas linguas minoritarias cantonais, o romanche e o italiano.

Segundo a Conferencia Suíza de Ministerios Cantonais de Educación (EDK), encargada de coordinar as cuestións relacionadas coa educación, xa que non existe un Ministerio de Educación nacional, todos os estudantes teñen que aprender como mínimo dúas linguas estranxeiras durante o ensino obrigatorio (un segundo idioma nacional e o inglés), cuxa cronoloxía foi e

segue a ser obxecto de intensos debates entre as comunidades lingüísticas. O estudo destas linguas debe garantir a mobilidade, ademais de contactos sociais, culturais e económicos tanto dentro como fóra do país. As institucións nacionais e cantonais organizan intercambios escolares, de alumnado e profesorado, así como actividades fóra das fronteiras lingüísticas.

A poboación total de Suíza é de aproximadamente 8,4 millóns de habitantes, dos cales un 63% fala alemán, un 22,7% francés, un 8,1% italiano, un 0,5% romanche e un 23,3% outras linguas (Oficina Federal de Estatística, 2015). Arredor dun 25% da poboación non ten pasaporte suízo, un 36,8% da poboación de máis de 15 anos é de orixe inmigrante, e a lingua principal dun 21,5% non é ningunha das linguas nacionais. As «linguas principais» non nacionais máis importantes son o inglés, o portugués, o albanés, o serbio, o croata e o castelán.

Mapa 1. Distribución xeográfica dos catro idiomas nacionais



Fonte: Oficina Federal de Estatística

Ademais das linguas dos migrantes, a Carta tamén exclúe «os dialectos da(s) lingua(s) oficial(ais) do Estado» (art. 1a). Nun país cunha ampla variedade lingüística, esta cuestión é fundamental. As variedades xermanas de Suíza —que

difiren considerablemente do alemán estándar (suízo) e son faladas por todas as clases sociais tanto nas zonas rurais como nas urbanas en todos os ámbitos, e empregadas na escrita informal, sobre todo nos medios de comunicación e nas redes sociais, na literatura e en actividades culturais—non reciben protección por separado na Carta, senón como parte do alemán nas zonas onde a Carta ampara o alemán. Este é o mesmo caso dos dialectos italianos no cantón de Tesino (lombardo alpino e lombardo occidental) e no cantón dos Grisóns (dialectos do lombardo alpino con influencias do romanche).

A respecto do romanche, unha lingua cuns 50 000 falantes e asociada ao ladino e ao friulano (Italia), a Carta protexe os cinco dialectos no eido escrito, as variedades orais e a lingua estandarizada e unificada coñecida como «romanche grisón», que desenvolveu en 1982 o lingüista románico de Zurich Heinrich Schmid e que, así e todo, non é aceptada unanimemente, en especial no ámbito educativo.

O romanche é lingua nacional desde 1938 grazas a unha votación nacional na cal se aprobou, cunha ampla maioría (91,6%) e co apoio de todos os cantóns, como reacción ao fascismo e aos movementos irredentistas. Non obstante, o número de falantes do romanche está a diminuír; nalgúns ámbitos é absolutamente necesario ter un dominio do alemán suízo e do estándar. Por tanto, todos os falantes son bilingües como mínimo (romanche e alemán) e, en moitos casos, tamén posúen competencias lingüísticas en italiano, francés e inglés.

Na zona francófona de Suíza, o francoprovenzal (chamado *patois* polos seus falantes) é considerada unha lingua galorrománica distinta e independente polos lingüistas desde o século XIX. O quinto informe de avaliación (2013) da aplicación da Carta en Suíza animaba as autoridades suizas a estudar se o francoprovenzal era una lingua rexional ou minoritaria. O sexto informe de avaliación (2016) concluíu que «semella haber un consenso xeral na sociedade suíza en canto a que o francoprovenzal é unha lingua en si que se usou e se usa tradicionalmente en Suíza, polo que a Parte II é aplicable a esta» (2016: 19). O Comité de Ministros recomendoulles ás autoridades suizas «recoñecer o francoprovenzal como unha lingua rexional ou minoritaria usada tradicionalmente en Suíza, e aplicarlle as disposicións da Parte II en colaboración cos seus falantes» (2016: 23). Así, no seu sétimo informe periódico, as autoridades suizas declararon que desexaban protexer e promocionar o francoprovenzal e o franco-comtés, falado no cantón de Xura (2018: 13), co cal comparte as mesmas características sociolingüísticas e que aparece mencionado na súa Constitución como patrimonio cultural.

3.2. A Confederación Suíza e a Carta

A Confederación Suíza asinou a Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias en 1993 e ratificouna en 1997; e foi en 1998 cando entrou en vigor no país. O caso suízo é particular, no sentido de que as dúas linguas amparadas pola Parte III, o italiano e o romanche, son linguas nacionais de ámbito federal xunto co alemán e co francés, e, no ámbito cantonal, en dous cantóns (o italiano e o romanche no cantón trilingüe dos Grisóns, e o italiano no de Tesino). Alén diso, o italiano tamén é unha lingua oficial de ámbito federal, xunto co alemán e co francés, mentres que o romanche está considerado idioma semioficial no Estado. Neste sentido, as dúas linguas da Parte III, o italiano e o romanche, non son linguas rexionais nin minoritarias, senón que se consideran idiomas oficiais de menor uso na totalidade ou en parte do territorio (cf. art. 3 al. 1 da Carta). Suíza tiña motivos para ratificar a Carta tanto nacional como internacionalmente. Desde un punto de vista nacional, quere preservar o quadrilingüismo, o principal obxectivo da súa política lingüística; e desde unha perspectiva internacional, este Estado está decidido a resolver as cuestións relativas ao pluralismo cultural e á protección das minorías en Europa.

Na Parte II, os catro idiomas nacionais están protexidos sempre e cando estean integrados nun contexto minoritario, como nos cantóns plurilingües (o francés no cantón de Berna ou o alemán nos cantóns de Friburgo e Valais) e nas illas lingüísticas preto das fronteiras lingüísticas; é dicir, o alemán en Bosco-Gurin (cantón de Tesino) e en Ederswiler (cantón de Xura). O ieniche, a lingua non territorial dos viaxantes alemáns (35 000 persoas aproximadamente), que teñen un estilo de vida sedentario, seminómade ou nómade, tamén queda protexida pola Parte II, ao igual que o francoprovenzal e o franco-comtés.

A maior parte das recomendacións do Comité de Ministros teñen que ver coa protección do romanche, sobre todo nos ámbitos xudicial e administrativo, e tamén co emprego administrativo do italiano no cantón dos Grisóns, mentres que a situación do italiano en Tesino é excelente. O Comité de Expertos eloxia os esforzos realizados a favor do romanche nos eidos da educación e dos medios de comunicación.

3.3. Futuros retos

O reto en Suíza será protexer e promover mellor o italiano e o romanche, sobre todo fóra das súas áreas tradicionais nos cantóns dos Grisóns e de Tesino, e motivar as persoas que non falan estas linguas minoritarias para que as aprendan. O italiano tamén se debería ter un uso máis estendido

nas políticas federais e na Administración. Nos tres cantóns bilingües deben protexerse o alemán e o francés nos casos en que estean minorizados no dominio cantonal, municipal ou dos distritos. As futuras fusións dos concellos no cantón dos Grisóns e nas fronteiras lingüísticas tamén poden afectar e debilitar o status das linguas minoritarias, polo que deberían planearse e supervisarse con especial coidado. Os acontecementos actuais no ámbito dos medios de comunicación, como a concentración ou a desaparición de xornais, tamén poden ter un efecto prexudicial para as linguas minoritarias, así que se deberían buscar solucións para fortalecer este eido tan importante.

Debería deseñarse unha folla de ruta para a protección e a revitalización do francoprovenzal e do franco-comtés, así como do alemán en Bosco-Gurin (Tesino), onde moitos dos habitantes falan o antigo ggurijnartitsch, un dialecto do walser en perigo de desaparición. En canto ao romanche, semella que se deu cun *modus vivendi* entre o uso dos dialectos tradicionais e o romanche grisón.

4. ESPAÑA

4.1. Información xeral

Desde a súa conformación como Estado moderno, España é un territorio plurilingüe. De feito, moitas das linguas que se falan actualmente nas diversas comunidades autónomas existían antes da conformación do Estado, pero o seu status como linguas lexitimadas socialmente non se recoñeceu ata hai moi pouco tempo. Cando máis se avanzou nesta materia foi nas últimas tres décadas do século XX co cambio de réxime dunha ditadura a unha monarquía parlamentaria. Durante a ditadura española de Franco (1939-1975), agás o castelán, todas as linguas sufriron unha grave discriminación e represión, sendo marxinadas do uso público, xa que calquera persoa que se oíse falar nunha lingua minoritaria acababa sendo castigada e reprimida.

A Constitución española (1978) propiciou un período máis favorable para as linguas distintas ao castelán, aínda que segue a haber diferenzas notables entre elas. Os estatutos de autonomía dalgunhas comunidades autónomas apoian firmemente a súa protección e promoción, mentres que outras levan máis de 40 anos cun papel bastante pasivo en canto á promoción das súas propias linguas.

Como nos demais países de Europa, en España a diversidade lingüística é un valor que se debe recoñecer, respectar e protexer como patrimonio intanxible. A variación nas linguas —tanto intralingüística como interlingüística— é un recurso que se debe apoiar en todos os ámbitos da vida, especialmente na

educación, que é de suma importancia. O sistema educativo é esencial para garantir que a diversidade lingüística se promocióne, se valore e se xestione de forma axeitada, e para ensinala dun xeito positivo e creativo que asegure a aceptación mutua, a convivencia pacífica e o recoñecemento en igualdade de condicións.

Alén do castelán —a única lingua oficial en todo o territorio estatal—, existen outras linguas que se falan no día a día en diferentes rexións. Mentres que algunhas delas as falan millóns de persoas, outras atópanse nunha situación máis difícil en termos demográficos. Mesmo as que contan cun gran número de falantes precisan de apoio xurídico e político para garantir a súa existencia a medio e longo prazo. Ademais, aínda que algunhas destas linguas gozan de certo recoñecemento xurídico e de bastante promoción por parte dos gobernos rexionais e das institucións públicas, outras contan con moi pouco ou ningún recoñecemento e apenas son coñecidas pola poboación do territorio onde se falan tradicionalmente. Existen diferentes tipos de linguas, as denominadas linguas territoriais —aquelas faladas historicamente nunha área xeográfica específica do Estado— e as non territoriais, que se empregan indistintamente en calquera parte do país.

As linguas faladas en España son as seguintes: o amazige, o árabe de Ceuta, o aragonés, o aranés, o asturiano, o caló, o catalán/valenciano, o éuscaro, o galego, o leonés e o portugués. O status dalgunhas delas no marco da Carta aínda está sen determinar.

Táboa 1. Linguas, territorios e status legal²

Lingua	Territorio	Status legal
Amazige	Cidade Autónoma de Melilla	Non oficial
Árabe de Ceuta	Cidade Autónoma de Melilla	Non oficial
Aragonés	Aragón	Non oficial
Aranés (tamén chamado occitano)	Cataluña (val de Arán)	Oficial
Asturiano	Asturias	Non oficial
Caló	Lingua non territorial	Non oficial

2. Ademais destas linguas, existen dúas linguas de signos en España, a lingua de signos catalá (oficial en Cataluña) e a lingua de signos española (oficial en toda España). Con todo, a Carta non contempla as linguas de signos.











Lingua	Territorio	Status legal
Catalán	Aragón	Non oficial
	Illas Baleares	Oficial
	Cataluña	Oficial
	Valencia (como valenciano)	Oficial (co nome de valenciano)
	Murcia (como valenciano)	Non oficial
Vasco	País Vasco	Oficial
	Navarra	Oficial en parte do territorio
Galego	Asturias	Non oficial
	Castela e León	Non oficial
	Galicia	Oficial
	Estremadura (tamén chamado fala)	Non oficial
Leonés	Castela e León	Non oficial
Portugués	Estremadura	Non oficial

Como se pode observar no seguinte mapa, as linguas minoritarias fálanse en 11 das 17 comunidades autónomas de España e en dúas cidades autónomas, Ceuta e Melilla. Na realidade, arredor dun 45% da poboación española vive nun territorio onde se fala unha lingua minoritaria autóctona. Isto non significa que case a metade dos españois fale una lingua minoritaria regularmente, pero si demostra que unha excepcional porcentaxe da poboación está exposta a contextos bilingües ou plurilingües en maior ou menor medida.

Mapa 2. Distribución xeográfica das linguas minoritarias en España



Fonte: Copyleft liberado baixo a licenza CC BY-SA 3.0; baseado en "File:Lenguas Iberorromance."

	Amazige		Basque
	Arabic of Ceuta		Catalan/Valencian
	Aragonese		Galician (including Fala in Extremadura)
	Aranese (also known as Occitan)		Leonese
	Asturian		Portuguese

O uso das linguas minoritarias nos diferentes territorios de España é bastante heteroxéneo. Unha parte considerable da poboación emprega unha lingua minoritaria con regularidade, especialmente en Aragón (nos territorios onde se fala o catalán), Asturias, nas Illas Baleares, no País Vasco, en Cataluña, Ceuta, Extremadura (nos territorios onde se fala o galego/fala), Galicia, Melilla e Valencia. As linguas minoritarias cun uso inferior son o aranés no val de Arán (Cataluña), o aragonés en Aragón, o éuscaro en Navarra, o catalán/valenciano en Murcia, o leonés en Castela e León, e o portugués en Extremadura. A maioría da xente bilingüe en España fala unha lingua minoritaria. É importante destacar que todos os españois dominan o castelán, mentres que non todos os cidadáns que naceron nunha rexión cunha lingua minoritaria empregan esta lingua.

O amazige en Melilla, o árabe en Ceuta, o galego/fala e o portugués en Estremadura e o valenciano en Murcia non están recoñecidos nos seus estatutos de autonomía. Para manteren, fortaleceren e recuperaren a súa vitalidade precisan dunha política lingüística estruturada.

4.2. España e a Carta

España asinou a Carta Europea para as Linguas Rexionais e Minoritarias en 1992, mais non a ratificou ata case dez anos despois, en 2001. Previamente, algunhas linguas xa tiñan un nivel aceptable de protección, posto que nos seus estatutos de autonomía se lles concedera o status de lingua cooficial nos seus territorios xunto co castelán (ver Táboa 1). É importante sinalar que o artigo 3.2 da Constitución española de 1978 concede ás linguas minoritarias a posibilidade de seren cooficiais «nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos de autonomía». Noutras palabras, a Constitución española delégalles aos estatutos de autonomía das diferentes rexións o recoñecemento das linguas minoritarias. Depende das distintas comunidades autónomas legislar —ou non— e outorgarlles aos seus habitantes o dereito a empregaren a súa lingua no ámbito público. Ata o momento, non todas as comunidades autónomas fixeron uso desta prerrogativa legislativa ofrecida pola Constitución.

Esta diferenza é de suma importancia no caso de España: para poder aplicar totalmente a Carta, o seu instrumento de ratificación estipula que «España declara que, para os efectos dos artigos mencionados, se consideran linguas rexionais ou minoritarias aquelas linguas recoñecidas como oficiais nos estatutos de autonomía das comunidades autónomas do País Vasco, das Illas Baleares, de Cataluña, Galicia, Valencia e Navarra». Xa que o aranés en Cataluña, o catalán en Cataluña, nas Illas Baleares e en Valencia (como valenciano), o galego en Galicia e o éuscara no País Vasco e parte de Navarra son linguas oficiais nos seus estatutos de autonomía, están amparadas pola Parte II e pola Parte III da Carta. Outras linguas só están protexidas pola Parte II porque non teñen status oficial, pero si contan coa protección dos seus estatutos de autonomía, como é o caso do aragonés e o catalán en Aragón, do asturiano en Asturias, do galego en Asturias e Castela e León e do leonés en Castela e León. Por último, algunhas linguas están amparadas exclusivamente pola Parte II da carta, xa que non teñen ningún tipo de protección por parte dos estatutos de autonomía (como son os casos do amazigh en Melilla e do valenciano en Murcia). Ademais, a Carta protexe o caló (a lingua do pobo xitano en España) como a única lingua non territorial.

4.3. Futuros retos

Desde a entrada en vigor da Carta observáronse algúns avances, mais tamén se retrocedeu en certos aspectos. O grao de competencias logradas por algunhas rexións mellorou, aínda que existen diferenzas significativas entre elas. Como recolle o cuarto informe de avaliación emitido polo Comité de Expertos: «As linguas protexidas pola Parte III da Carta gozan en xeral do firme apoio das institucións locais e rexionais. Aínda que persisten algúns problemas, cúmprense a maioría das garantías da Carta».

Malia que hai diferenzas importantes entre unhas rexións e outras, desde que o goberno español ratificou a Carta (2001) observáronse avances nos eidos da educación, da Administración e dos servizos públicos, nos medios de comunicación e nos servizos culturais, sobre todo no caso das competencias asignadas ás comunidades autónomas. En materia de educación progresouse moito, aínda que nos últimos anos se detectaron problemas nalgunhas comunidades autónomas con linguas minoritarias. No relativo aos medios de comunicación (artigo 11 da Carta), avanzouse positivamente no uso das linguas minoritarias nos medios dixitais. Apenas existen problemas nas actividades culturais, un eido cun alto grao de cumprimento dos compromisos contraídos.

Os principais retos danse fundamentalmente no emprego das linguas minoritarias na área da xustiza (artigo 9) e na da Administración (artigo 10). Un problema habitual é a falta de persoal capaz de usar as linguas pertinentes nalgunhas áreas da Administración, así como nos servizos públicos, especialmente na Sanidade, o cal dificulta o emprego das linguas minoritarias nestes ámbitos.

Tamén preocupa o aumento do uso do castelán nos sistemas educativos (artigo 8) nas rexións con linguas minoritarias e a expansión dos modelos educativos trilingües (castelán, inglés e unha lingua minoritaria) nalgunhas comunidades autónomas, o cal entorpece a aprendizaxe da lingua minoritaria. Por tanto, deberían analizarse detalladamente estes modelos educativos antes da súa posta en marcha co fin de asegurar un ensino e un estudo axeitados das tres linguas. Entre outros problemas atópase a presenza das linguas minoritarias nos medios de comunicación.

Para as linguas non oficiais, unha opción que podería favorecer a súa protección sería outorgarlles o status de linguas oficiais, o cal implicaría modificar os estatutos de autonomía dos territorios onde se falan, como xa solicitaron os seus falantes en numerosas ocasións. O futuro destas linguas é moi incerto a medio prazo.

En calquera caso, e mentres se adopten medidas con respecto a isto, é preciso elaborar unha base de datos oficial sobre a situación real das linguas non oficiais de España. Por este motivo, o cuarto informe de avaliación urxe as autoridades a que proporcionen estatísticas que lles permitan aos lexisladores crear políticas lingüísticas apropiadas xunto cos seus falantes.

En definitiva, pode dicirse que xa se fixo moito, especialmente por parte das propias comunidades autónomas, para apoiar as linguas rexionais españolas. España é un Estado cun alto nivel de compromiso e, por tanto, debe asegurarse de que cumpre as súas obrigas e fai fronte aos retos correctamente.

5. POLONIA

5.1. Información xeral

Debido á súa complicada historia —nos últimos 200 anos houbo persoas que viviron os cambios de fronteiras como mínimo un par de veces—, o Estado polaco incluíu varios grupos étnicos que habitan na Europa central. A era comunista, que comezou en Polonia tras a Segunda Guerra Mundial e continuou durante 44 anos ata 1989, foi unha época en que se intentou erradicar, ou polo menos esquecer, a natureza multiétnica da sociedade polaca. Despois do rexeitamento do comunismo na década de 1990, á fin houbo un espazo e medios para recoñecer os múltiples grupos étnicos, nacionais e rexionais, así como as súas linguas e as súas culturas. Por tanto, non sorprende que a lexislación polaca recoñeza ata 14 minorías, as cales se categorizan en tres grupos:

1. Nove minorías nacionais: armenia, bielorrusa, checa, alemá, xudía, lituana, rusa, eslovaca e ucraína.
2. Catro minorías étnicas: karaim, lemko (ruteno), tártaro, romaní.
3. Unha comunidade que usa unha lingua rexional: o caxubio.

Coa Lei de minorías de 2005³, tres destas teñen garantidos certos dereitos relacionados co emprego das súas linguas. De feito, recoñecéronse oficialmente 15 linguas minoritarias; é dicir, unha para cada minoría, menos a comunidade xudía, á cal lle recoñeceron o yiddish e o hebreo.

3. Nome completo: Lei sobre as minorías nacionais e étnicas e as comunidades que empregan as linguas rexionais.

Neste punto é importante destacar o feito de que o polaco é o único idioma oficial estatal e que non existen rexións autónomas que poidan pretender usar oficialmente outras linguas no ámbito público. Non obstante, en 1997 a Constitución da República de Polonia xa lles concedeu ás minorías nacionais e étnicas liberdade para empregaren e promocionaren as súas linguas. A principal diferenza que supuxo a Lei de minorías de 2005 foi que esta especificaba como esta liberdade se podía poñer en práctica, especialmente no que concirne a determinados eidos da vida pública, como a educación, a administración local, a sinalización bilingüe, os medios de comunicación e a vida cultural.

A Lei de 2005 establece varias obrigas que o goberno polaco debe cumprir para garantir que estes dereitos se exerzan na práctica mediante a especificación das condicións que se deben dar para a súa aplicación. Por exemplo, unha lingua minoritaria pode empregarse na relación coas institucións municipais sempre e cando un 20% como mínimo da poboación do concello declare que pertence a esa minoría en particular. Tamén estipula as normas e os procedementos para a aplicación dos topónimos e apelidos bilingües. A Lei tamén obriga o Estado a apoiar e promover a educación, a edición de libros e de publicacións periódicas, os medios de comunicación e as actividades culturais nas linguas minoritarias.

O marco xurídico semella que proporciona condicións bastante favorables para a promoción das linguas minoritarias en Polonia. Con todo, a situación de cada grupo minoritario e da súa lingua é bastante diferente e non tan positiva como contempla a lei. O feito de que todas as minorías representen aproximadamente un 2% do total da poboación de Polonia⁴ xa indica a súa situación de «inferioridade numérica» se se compara co conxunto da sociedade. A maior parte das linguas minoritarias de Polonia presentan en maior ou menor medida problemas con respecto á súa vitalidade etnolingüística. A minoría alemá, malia ser a maior minoría nacional, ten problemas coa transmisión interxeracional do alemán, xa que a maioría dos rapaces non fala o alemán na casa e, por tanto, non empeza a aprendelo ata que o fan na escola. As dúas seguintes comunidades minoritarias en número de falantes, a ucraína e a bielorrusa, semellan ter unha situación máis equilibrada no sentido de que aqueles que se identifican coa minoría tamén saben falar a lingua minoritaria, igual que os grupos lituano, lemko e caxubio, aínda que en menor número. Non obstante, coa intensificación da mobilidade, sobre todo nas grandes cidades e fóra das áreas xeográficas

4. No censo de 2011, no cal se permitía identificarse con dous grupos nacionais ou étnicos, o 2,26% declarou unha identidade distinta á polaca nunha das posibilidades como mínimo.

tradicionais, estas minorías poden estar en perigo de perderen a transmisión interxeracional das súas linguas. Os grupos minoritarios máis reducidos de Polonia ou non usan as súas linguas (tártaro, karaim) ou teñen un número moi inferior de falantes (checo, eslovaco, yiddish e hebreo) ou aqueles que dominan a lingua minoritaria son os novos inmigrantes no canto dos membros da minoría tradicional (armenio, ruso). Probablemente sexan as linguas usadas polas comunidades xitanas de Polonia as que gocen dunha mellor situación desde o punto de vista da súa vitalidade. Non obstante, como estas non son territoriais, é difícil exercer o dereito de usalas ante as institucións locais (igual que no caso do armenio, do yiddish e do hebreo).

Os dereitos a empregar as linguas minoritarias contemplados nas leis polacas en teoría deberían axudar a reverteren as tendencias negativas e a fomentaren o uso das linguas minoritarias. Así e todo, na práctica depende moito da capacidade de cada comunidade minoritaria de exercer presión, especialmente sobre as autoridades locais. Se se ten en conta que hai moi poucas zonas onde as minorías acaden o limiar do 20%, e que a minoría lituana é maioría nun pequeno concello, resulta aínda máis evidente por que exercer os dereitos recollidos dentro do marco xurídico tropeza con problemas prácticos.

Outro obstáculo máis que semella frear a promoción das linguas minoritarias en Polonia é o escaso coñecemento que ten a maior parte da sociedade polaca sobre as minorías. Na Administración local, ás veces isto tradúcese nunha falta de coñecemento sobre os dereitos dos falantes das linguas minoritarias e, por tanto, das obrigas que teñen as autoridades. Para o cidadán medio polaco, isto tradúcese ou ben nunha escasa conciencia sobre a índole multiétnica da sociedade polaca ou ben, nos peores dos casos, na asunción de actitudes estereotipadas e mesmo hostís contra as minorías.

5.2. Polonia e a Carta

Polonia asinou a Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias en 2003, a cal entrou en vigor en xuño de 2009 tras a súa ratificación. Na súa declaración oficial, Polonia afirmou tamén que pretendía aplicar a Carta de acordo cos dereitos recollidos na súa Lei de minorías de 2005. Por unha banda, isto supuxo que o total das 15 linguas rexionais ou minoritarias recoñecidas se declarasen amparadas pola Carta⁵. Por outra banda, ao tomar o contido da Lei como guía, tamén tivo como resultado que todas as linguas quedasen

5. Finalmente son 14 as linguas protexidas pola Carta porque o Comité de Expertos decidiu que o hebreo non cumpre os requisitos de lingua usada como medio de comunicación tradicional.

protexidas polo mesmo conxunto de compromisos da Parte III, no canto de intentar adaptar a selección á situación particular de cada unha das linguas. Os seguintes parágrafos recollen os eidos máis significativos da promoción das linguas minoritarias incluídos na Carta.

En educación, Polonia decidiu escoller a opción máis ambiciosa; é dicir, que o Estado se comprometeu a facilitar a ensinanza nas linguas rexionais ou minoritarias para todas as linguas cubertas pola Carta. Por tanto, supostamente os nenos deberían estudar case todas as materias escolares na súa lingua rexional ou minoritaria en todos os cursos da educación obrigatoria. Actualmente, isto só é posible no caso de dúas linguas, o lituano e o ucraíno. A situación paradoxal do ucraíno é que é lingua de ensinanza en zonas onde non se falaba tradicionalmente, xa que son lugares do oeste de Polonia, onde tivo que se mudar gran parte da poboación ucraína tras a Segunda Guerra Mundial. A minoría alemá leva tempo loitando por unha educación bilingüe nos seus territorios tradicionais, mais, infelizmente, aínda non o conseguiu. Desde o punto de vista xurídico, teoricamente é posible ofrecer en Polonia a ensinanza en todas as linguas minoritarias, e o sistema de financiamento é bastante xeneroso⁶. Con todo, por agora só se poden estudar algunhas linguas rexionais ou minoritarias nas súas áreas tradicionais como materias propias: o bielorruso, o alemán, o caxubio, o lemko e o ucraíno. A maior parte das linguas minoritarias poden estudarse na Universidade, algunhas como graos ou mestrados (p. ex., o alemán, o ucraíno, o lituano ou o ruso), mais estes non inclúen necesariamente formación docente, o cal lles permitiría aos graduados ser profesores cualificados da lingua minoritaria (ou impartir materias nesta).

No eido da Administración, Polonia comprometeuse a aceptar no ámbito local as solicitudes orais e escritas nas linguas rexionais ou minoritarias. Actualmente é posible comunicarse coas autoridades municipais de xeito oral ou escrito (e recibir resposta) en alemán, caxubio, lituano e bielorruso. Ademais, existen topónimos bilingües nos concellos das minorías alemá, caxubia, lituana, bielorrusa e lemko.

Como recolle a Lei de minorías, o goberno polaco comprometeuse a apoiar os medios de comunicación que empreguen unha lingua minoritaria. A maior parte das comunidades minoritarias teñen polo menos unha publicación periódica financiada polo Estado, pero só unha destas, un semanario en ucraíno, cumpre os requisitos para xornais recollidos na Carta. Hai algúns programas de televisión e de radio que teñen como público meta algunha minoría en particular, pero son irregulares e os seus contidos foron criticados.

6. É posible concederlles ata o 150% dos fondos estándares para a educación por alumno a escolas moi pequenas onde se ofrece o ensino dunha lingua rexional ou minoritaria.

Todas as minorías lingüísticas contan con varias actividades culturais, así como establecementos culturais, con financiamento do Estado. O único problema é que este financiamento se basea en proxectos, polo que é complicado manter as institucións culturais para as minorías.

Se se ten en conta a ratificación da Carta e o contido da Lei de minorías, queda claro que, desde un punto de vista xurídico, as linguas minoritarias se consideran un valor e unha parte importante do patrimonio cultural polaco. A opinión dos falantes das linguas minoritarias tamén se escoita mediante reunións periódicas dunha comisión mixta do goberno cos representantes das comunidades minoritarias. Porén, os temas relativos ás minorías apenas teñen cobertura nos principais medios de comunicación dirixidos ao conxunto da sociedade polaca.

5.3. Futuros retos

Desde o punto de vista do cumprimento das obrigas da Carta, semella que estas son as cuestións que se deben resolver con maior urxencia:

- ▶ Ofrecerlles o ensino na súa lingua minoritaria a aqueles falantes que o desexaren.
- ▶ Ampliar a educación das linguas rexionais ou minoritarias como materias para asegurar a súa continuidade en todos os cursos da educación obrigatoria para todas as linguas amparadas pola Carta en Polonia.
- ▶ Financiar xornais e outros medios de comunicación (p. ex., medios en liña).
- ▶ Achegar financiamento regular para actividades culturais.
- ▶ Ampliar o número de concellos onde se poidan empregar topónimos bilingües e onde sexa posible comunicarse coas autoridades locais na lingua minoritaria.

Para as linguas rexionais ou minoritarias relativamente máis «fortes» en Polonia (p. ex., o alemán, o ucraíno, o bielorruso, o lituano, o caxubio, o lemko e as linguas do pobo xitano), a selección de compromisos da Carta que fixo Polonia pode servir como boa orientación para establecer estratexias a medio prazo. Desafortunadamente, cumprir moitas das obrigas seleccionadas convértese nunha tarefa difícil para aquelas linguas nunha situación moi débil (especialmente o armenio, o checo, o eslovaco, o karaim, o tártaro e o yiddish). Por tanto, é esencial consultar os representantes dos falantes para buscar as solucións flexibles que mellor encaixen coa situación de cada unha desas linguas.

A conclusión da análise do marco xurídico para a promoción das linguas minoritarias en Polonia é moi positiva. Serve como base fundamental para o recoñecemento dun rico patrimonio multiétnico dentro da sociedade polaca tamén por parte do cidadán medio. Con todo, para a maioría da sociedade polaca isto aínda supón un reto, aínda que, se é posible concienciala do valor das culturas e das linguas minoritarias, entón tamén será máis doado superar a fenda existente entre os dereitos e a súa potenciación real.

Parte C.

Actividades didácticas

Esta sección presenta unha lista de actividades para desenvolver na aula que complementan na práctica o que se explicou ata este punto. Trátase dunha selección de actividades concibidas desde unha perspectiva flexible, cuxa duración pode variar en función do que cada profesor considere axeitado. Algunhas poden realizarse nunha xornada escolar, mentres que para outras se recomenda un pouco máis de continuidade. Tendo en conta que en Europa existen múltiples sistemas educativos, aconséllase que cada centro escolar/rexión adapte as actividades aos diferentes niveis de educación dun xeito flexible. A maioría delas deseñáronse para alumnado de entre 11 e 16 anos.

Estas son as actividades propostas:

- ▶ Actividade 1: Que é unha lingua minoritaria?
- ▶ Actividade 2: Os prexuízos lingüísticos
- ▶ Actividade 3: Biografía dunha persoa famosa que fale unha lingua minoritaria
- ▶ Actividade 4: Día(s) ou semana dunha lingua minoritaria
- ▶ Actividade 5: Toponimia, paisaxe lingüística e sinalización nunha lingua minoritaria
- ▶ Actividade 6: *Editatón* sobre unha lingua minoritaria
- ▶ Actividade 7: Os neofalantes de linguas minoritarias
- ▶ Actividade 8: Os tipos de sistemas de escrita das linguas minoritarias do teu país
- ▶ Actividade 9: As linguas non territoriais
- ▶ Actividade 10: As linguas de signos

ACTIVIDADE 1: QUE É UNHA LINGUA MINORITARIA?⁷

Introdución

En todos os países europeos, ademais dos idiomas oficiais, que gozan de status legal, protección e lexitimidade social, empréganse tradicionalmente moitas outras linguas. Estas denominanse linguas minoritarias e a miúdo non contan nin con protección xurídica nin coa lexitimidade social das linguas oficiais do Estado. En moitos casos, o número de persoas que usan as linguas minoritarias é reducido; de feito, aproximadamente un 50% delas teñen menos de 10 000 falantes. Aínda que teñan centos de anos, e mesmo presenza milenaria, os cambios que Europa sufriu nas últimas décadas supuxeron que, nun breve período de tempo, case todas as linguas minoritarias se volvesen vulnerables, o cal compromete gravemente o seu futuro a curto ou medio prazo.

Unha gran maioría das linguas con menos de 10 000 falantes recollidas no *Atlas das Linguas do Mundo en Perigo* da UNESCO (www.unesco.org/languages-atlas) atópanse claramente en perigo de desaparición. En moitos deses caso, abondaría cunha política lingüística estruturada para cambiar esta tendencia.

Como identificar unha lingua minoritaria

Aínda que a maioría das linguas minoritarias teñen poucos falantes, o criterio cuantitativo non é o único que se debe ter en conta á hora de identificar unha lingua minoritaria. De feito, hai linguas minoritarias que contan con millóns de falantes, máis que algunhas linguas maioritarias. Por tanto, tamén hai que ter en consideración o seu status legal; é dicir, o recoñecemento implícito ou explícito dunha lingua como idioma oficial dun determinado país. Segundo o Consello de Europa⁷, para que unha lingua se considere rexional ou minoritaria, deben cumprirse as seguintes condicións:

- i. Debe ser unha lingua empregada tradicionalmente nun determinado territorio dun país por cidadáns dese país que formen un grupo numericamente inferior ao resto da poboación estatal;
- ii. Diferente ao(s) idioma(s) oficial(ais) do Estado;
- iii. Non se inclúen dialectos do(s) idioma(s) oficial(ais) do Estado nin as linguas dos inmigrantes.

Debe terse en conta que se toma como referencia o total da poboación estatal e non o número de habitantes dun territorio específico onde se fala a lingua. A continuación un exemplo para entender o matiz: o galego é idioma oficial en Galicia xunto co castelán. Nese territorio ten máis falantes que o castelán, o único idioma oficial do Estado español. Debido ás diferenzas do status legal no conxunto do Estado, o galego é unha lingua minoritaria en Galicia e atópase nunha situación evidente de vulnerabilidade, mentres que este non é o caso do castelán.

7. Ver artigo 1 da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias.

Tarefa	Presentarlle o concepto de linguas minoritarias á poboación xeral.
Obxectivos	<p>Alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ter unha impresión positiva das minorías en xeral e das linguas minoritarias en particular. • Identificar todas as linguas rexionais ou minoritarias do Estado. • Buscar exemplos de formas orais ou escritas de linguas minoritarias.
Curso/idade	En función do grao de complexidade e de abstracción da tarefa, 12-16.
Pasos	<ul style="list-style-type: none"> • O profesor presenta unha breve descrición de todas as linguas rexionais ou minoritarias empregadas no Estado segundo a Carta, xunto con datos estatísticos de censos ou outros datos estatais/ rexionais oficiais. Recoméndase usar os informes do Comité de Expertos da Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias (dispoñibles todas en www.coe.int/en/web/european-charter-regional-or-minority-languages/). • Reflexión e debate (clase).
Duración	De 2 a 4 clases.
Disciplinas implicadas	Primeira lingua e linguas estranxeiras, historia, ciencias sociais.
Modo de traballo	Traballo en conxunto e traballo por parellas.
Material	Un póster (unha folla grande e grosa de papel) e unha presentación dixital.
Fontes de información	Biblioteca, contactos persoais, entrevistas, Internet.
Avaliación	Presentación do póster; autoavaliación e avaliación do profesor.
Outras actividades posibles	<ul style="list-style-type: none"> • Pendurar o póster no corredor do centro escolar. • Publicar o póster no xornal escolar.

ACTIVIDADE 2: OS PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS

Introdución	A diversidade lingüística é obxecto de moitos debates, ás veces baseados en prexuizos e mitos que o sistema educativo debe eliminar. Os prexuizos lingüísticos son valoracións ou opinións sobre as linguas que non se fundamentan en probas reais senón en estereotipos simplificadoros e xeneralizables. Adoitan ser comúns, produto da ignorancia e do medo ao diferente. Por este motivo é difícil eliminalos, xa que os argumentos empregados para os anular non se aceptan como válidos. En moitas ocasións inflúen notablemente na consideración e no prestixio social dos falantes. Por tanto, calquera clasificación de linguas cimentada nunha xerarquía que vaia desde excelencia/utilidade a insignificancia, como adoita ser o caso, fúndase exclusivamente en prexuizos e carece de base científica. Segundo o artigo 7.2 da Carta, é preciso eliminar calquera distinción, exclusión, restrición ou preferencia inxustificada relacionada co uso dunha lingua rexional ou minoritaria.
Tarefa	Identificar os prexuizos lingüísticos e proporcionar argumentos para os combater e eliminar.
Obxectivos	<p>Alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"> • Mellorar a súa conciencia lingüística. • Ser capaz de identificar os prexuizos lingüísticos. • Adquirir argumentos sólidos a favor da igualdade das linguas.
Curso/idade	Últimos cursos da educación secundaria obrigatoria, 14-16.
Pasos	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación do tema. • Identificar algúns prexuizos (sobre as linguas ou sobre a sociedade en xeral). • Crear unha lista con cinco prexuizos sobre linguas e debatelos entre dous grupos, un a favor e outro en contra, e despois cambiar os papeis. • Cada alumno debe consultar a súa familia sobre esa lista para pescudar quen está de acordo e quen non (e por que). • Identificar actitudes discriminatorias contra as minorías lingüísticas e propoñer medidas para mellorar a imaxe das súas linguas e, aínda máis importante, a dos seus falantes.
Duración	De 2 a 4 clases.
Disciplinas implicadas	Primeira lingua e linguas estranxeiras, historia, xeografía, ciencias sociais, proxecto interdisciplinario.
Modo de traballo	Traballo en conxunto, por parellas, individual e coa familia.
Material	Un póster (unha folla grande e grosa de papel) e unha presentación dixital.
Fontes de información	Biblioteca, medios de comunicación, entrevistas, Internet.
Avaliación	Presentación do póster; autoavaliación e avaliación do profesor.
Outras actividades posibles	<ul style="list-style-type: none"> • Pendurar o póster no corredor do centro escolar. • Publicar o póster no xornal escolar.

Algúns exemplos

Prexuízo	Argumento para rebater
O monolingüismo é a norma, mentres que a diversidade lingüística é a excepción, tanto desde o punto de vista territorial como das persoas.	O monolingüismo é a excepción. Son moi poucos os casos de países monolingües en todo o mundo. Se pensamos nos individuos, a gran maioría da poboación mundial usa máis dunha lingua.
Hai xente que fala con acento.	Todos temos «acento» cando falamos; é imposible non telo.
A comunidade de xordos usa unha única lingua de signos universal en todo o mundo.	As linguas de signos teñen tantas variedades inter e intralingüísticas como as linguas orais. As persoas que empregan unha lingua de signos deben aprender outras se se queren comunicar con xente que non use a mesma.
Só algunhas linguas poden expresar calquera nivel de complexidade. De feito, as linguas minoritarias son códigos valorados polo seu uso no ámbito coloquial e familiar, pero non teñen tanta utilidade no eido científico, empresarial ou das novas tecnoloxías.	Todas as linguas son igualmente válidas para categorizar e comunicar en calquera área de coñecemento. Non existen linguas mellores nin peores para a ciencia ou a poesía. A falta de oferta de novas tecnoloxías ou videoxogos en certas linguas é consecuencia do baixo prestixio social da devandita lingua e non do seu potencial para ese fin.
Un gran número de falantes dunha lingua garante a súa subsistencia a longo prazo.	Todas as linguas teñen variedades internas. Cantas máis variedades existan, máis posible será a súa fragmentación, como ocorreu historicamente co latín, por exemplo.
As palabras que non aparecen nun dicionario son incorrectas ou non existen.	A riqueza léxica das linguas é extraordinaria, e os dicionarios, mesmo os máis completos, só recollen parte desta. As palabras existen na medida en que se usen e non porque aparezan ou non nun dicionario.
A variedade estándar é mellor que outras variedades dunha lingua.	A variedade estándar é unha de moitas variedades. Na realidade, a gran maioría das linguas do mundo non teñen unha variedade estándar. O feito de que a estándar sexa a variedade usada no sistema educativo ou nos medios de comunicación non a converte nunha variedade mellor ou perfecta.

ACTIVIDADE 3: BIOGRAFÍA DUNHA PERSOA FAMOSA QUE FALE UNHA LINGUA MINORITARIA

<p>Introdución</p>	<p>O recoñecemento que teñen moitos produtos intelectuais e creativos, e o respecto e a admiración social que producen reflíctese nos medios de comunicación e nas redes sociais. Non obstante, en moitos casos, a cultura predominante ou estatal oculta a identidade dos autores e dos creadores e a súa pertenza a unha cultura ou lingua minoritaria, ás veces para debilitar a influencia e o recoñecemento dese grupo minoritario. Os libros de historia a miúdo non mencionan estes persoeiros, ou non o fan como representantes dun grupo minoritario, co fin de daren unha imaxe de unidade nacional e/ou diluíren a comunidade minoritaria na sociedade xeral. Dar visibilidade ao traballo dos falantes minoritarios aumenta o recoñecemento das linguas rexionais e minoritarias e, ao mesmo tempo, recoñece a diversidade, a creatividade e a orixinalidade da sociedade no seu conxunto.</p>
<p>Tarefa</p>	<p>Crear un póster coa biografía dunha persoa famosa que fale unha lingua minoritaria, no que se inclúan datos biográficos, fotografías, publicacións, resultados/mostras do seu traballo, recepción do público (exposicións, artigos de xornais) etc. Esta persoa pode/puido traballar en calquera ámbito, como medios de comunicación, deporte, economía, sociedade, filosofía, investigación, inventos etc.</p>
<p>Obxectivos</p>	<p>Alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ser consciente da existencia das linguas e das culturas minoritarias. • Entender que os falantes das linguas minoritarias contribúen á construción das nacións. • Recoñecer que a diversidade lingüística e cultural é unha parte integral da sociedade. • Comprender que a historia e as disciplinas sociais son unha interpelación da realidade e obxecto de debate e de negociación. • Ver como normal o feito de traballar, vivir e crear en varias linguas. • Ler nunha lingua minoritaria e empregar estratexias de intercomprensión (segundo a distancia interlingüística das linguas maioritarias/minoritarias). • Usar meditación e técnicas translingüísticas. • Ser quen de buscar, elixir, xerarquizar e presentar información escrita e gráfica. • Ser quen de presentar un póster.
<p>Curso/idade</p>	<p>En función do grao de complexidade e de abstracción da tarefa, 10-15.</p>

Pasos	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación do tema e debate (clase). • Tormenta de ideas, creación dunha lista con posibles persoeiros (traballo individual). • Escoller un persoeiro da lista (traballo por parellas). • Buscar e seleccionar información, facer o póster (traballo por parellas). • Presentar o póster (traballo por parellas). • Reflexión e debate (clase).
Duración	De 2 a 4 sesións.
Disciplinas implicadas	Primeira lingua e linguas estranxeiras, historia, xeografía, ciencias sociais, proxecto interdisciplinario.
Modo de traballo	Traballo en conxunto, por parellas e individual.
Material	Un póster (unha folla grande e grosa de papel), ordenador, impresora, xornal, bolígrafo, pegamento etc.
Fontes de información	Biblioteca, contactos persoais, entrevistas, Internet.
Avaliación	Presentación do póster; autoavaliación e avaliación do profesor e dos compañeiros.
Outras actividades posibles	<ul style="list-style-type: none"> • Pendurar o póster no corredor do centro escolar. • Publicar o póster no xornal escolar. • Enviar unha copia ás asociacións, xornais e páxinas web das linguas minoritarias. • Comparar os pósters cos doutra clase irmandada doutra rexión ou doutro país.

ACTIVIDADE 4: DÍA(S) OU SEMANA DUNHA LINGUA MINORITARIA

Introdución	<p>Trátase dun proxecto cunha perspectiva multidisciplinar e plurilingüe que atinxe a todo o currículo escolar e que consiste en realizar actividades, tanto sobre como na lingua minoritaria, implicando a totalidade do profesorado, do alumnado e dos servizos escolares como a biblioteca, o comedor, os lugares de exposición etc.</p> <p>Segundo as competencias e o interese do profesorado, as diferentes disciplinas poden ensinársese íntegra ou parcialmente nunha lingua minoritaria, ou poden empregarse materiais auténticos de xeito receptivo mentres se traballa na lingua do centro escolar, ou poden abordarse contidos históricos, xeográficos, sociais, científicos ou culturais sobre a lingua minoritaria e os seus falantes nas diferentes materias. É posible prolongar o proxecto sobre a lingua minoritaria nos vindeiros anos.</p>
Tarefa	<p>O profesorado e o alumnado seguen o horario habitual das clases durante un ou dous días, ou unha semana, pero con períodos diferentes de duración en que se trate o tema da lingua minoritaria e/ou se fale nela.</p>
Obxectivos	<p>Alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"> • Descubrir a riqueza, a variedade e gran cantidade de documentos escritos nunha lingua minoritaria, e a cultura e o ambiente dos falantes minoritarios. • Poñer en marcha estratexias translingüísticas e de intercomprensión combinadas con contido. • Ser consciente de que é normal aprender en varias linguas. • Comprender que o profesorado non é perfecto e que tamén está en proceso de aprendizaxe. • Aceptar como persoas expertas aos membros do alumnado que falan na lingua minoritaria.
Curso/idade	<p>Pode poñerse en práctica en todos os cursos escolares, aínda que é especialmente apropiado para centros de ensinanza secundaria obrigatoria (12-16).</p>
Pasos	<ul style="list-style-type: none"> • Escoller unha lingua minoritaria, unha data e a duración do proxecto (1 día, 2 días, 1 semana). • Informar a dirección do centro escolar. • Informar o corpo docente. • Informar os pais. • Realizar o proxecto. • Reflexionar. • Avaliar. • Adaptar para o seguinte ano.
Duración	<p>1 ou 2 días, ou 1 semana.</p>
Disciplinas implicadas	<p>Todas as disciplinas.</p>

Modo de traballo	Traballo co conxunto da clase, por parellas, individual, como nas actividades escolares habituais.
Material	Diferentes documentos, textos, cancións etc. na lingua minoritaria.
Fontes de información	Biblioteca, contactos persoais, Internet.
Avaliación	Avaliación do proxecto con cuestionarios e entrevistas.
Outras actividades posibles	1 día pode escollerse como día de proba e logo amplialas a 2 días e despois a unha semana. O proxecto pode repetirse de xeito regular anualmente nas mesmas datas, e o profesorado irá aumentando gradualmente a cantidade de actividades na lingua minoritaria.

ACTIVIDADE 5: TOPONIMIA, PAISAXE LINGÜÍSTICA E SINALIZACIÓN NUNHA LINGUA MINORITARIA

Introdución	Os textos e os nomes nos ámbitos da toponimia e da sinalización son un bo xeito de medir o recoñecemento oficial e individual das linguas e dos grupos minoritarios. Estes reflicten os feitos históricos e sociais relativos á convivencia dos grupos maioritarios cos minoritarios e están estreitamente relacionados con cuestións de identidade. Son obxecto de conflitos sociais graves. Saber máis sobre este tema pode sensibilizar máis sobre a reivindicación das linguas minoritarias de teren máis representación no espazo público e no virtual.
Tarefa	<p>Dar exemplos de toponimia, paisaxe lingüística e sinalización bilingüe e plurilingüe, ou toponimia, paisaxe lingüística e sinalización en linguas minoritarias en contextos históricos, políticos e sociais, en mapas, placas, paredes etc.</p> <p>A tarefa pode adaptarse (estadísticas e toma de fotografías ou traballo con mapas e Internet) segundo a localización dos grupos minoritarios (unha rexión monolingüe, bilingüe ou unha área distante).</p>
Obxectivos	<p>Alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer diferentes termos asociados coa paisaxe lingüística (monolingüe ou bilingüe). • Poder agrupar os distintos tipos de exemplos de sinalización; p. ex., públicos (autoridades e Administración, logotipos públicos, nomes de lugares, nomes de rúas, institucións); semipúblicos (escaparates, anuncios, identidade corporativa de empresas, páxinas web); privados (guías telefónicas, logotipos privados, cartas de restaurantes), transgresores (firmas, graffiti, adhesivos). • Ser consciente das diversas funcións da lingua (informar, representar, regular, entreter, manipular). • Diferenciar entre macrotoponimia e microtoponimia. • Poder comparar a toponimia bilingüe e trilingüe (congruencia semántica e fonética). • Poder interpretar de xeito semiótico (xogos de palabras, cambio de código, uso de subestándares). • Relacionar a cuestión da sinalización (plurilingüe) cos contextos histórico, cultural e social. • Relacionar a sinalización con cuestións políticas (lexislación, límites relacionados co número de falantes/usuarios, linguas lexítimas, status e lexitimación da lingua). • Poder usar métodos simples de investigación cuantitativa e cualitativa.
Curso/idade	En función do grao de complexidade e de abstracción, así como da localización dos grupos minoritarios, 12-14 ou 15-18.

Pasos	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación do tema e dos problemas, exemplos (PowerPoint, profesor). • Tormenta de ideas sobre por que a humanidade é propensa a poñer nome e etiqueta á contorna próxima e distante (clase). • Crear un mapa mental cos modos en que a lingua se presenta no espazo público (traballo por parellas). • Redactar un informe sobre o tema escollido (anuncios, nomes de rúas, nomes de lugares etc.) cun método axeitado, como estatísticas, historia oral, estudo de caso (traballo individual). • Presentar o informe ante a clase (PowerPoint, clase). • Debate.
Duración	De 4 a 8 sesións.
Disciplinas implicadas	Primeira lingua e linguas estranxeiras, xeografía, ciencias sociais, proxecto interdisciplinario.
Modo de traballo	Traballo en conxunto, por parellas e individual.
Material	Mapas, Internet, cámara, teléfono móbil, ordenador, impresora e proxector.
Fontes de información	Biblioteca, contactos persoais, Internet.
Avaliación	Avaliación do informe e presentación.
Outras actividades posibles	Pasar da paisaxe visual á sonora.

ACTIVIDADE 6: EDITATÓN SOBRE UNHA LINGUA MINORITARIA

Introdución	Un <i>editatón</i> , organizado como actividade escolar, consiste en seleccionar un tema específico e que o alumnado aprenda a escribir e editar contido sobre el, neste caso empregando unha lingua minoritaria. Un experto (normalmente o profesor) debe asegurarse de que o contido é de alta calidade e de prestar axuda ao alumnado, xa que o devandito contido se publicará na Wikipedia.
Tarefa	Producir contido de calidade nunha lingua minoritaria e publicalo na Wikipedia.
Obxectivos	<p>Alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"> • Practicar a escrita de contido de calidade nunha lingua minoritaria. • Relacionar o uso das novas tecnoloxías (Wikipedia) coas linguas rexionais/minoritarias. • Converterse nun suxeito activo da promoción das linguas rexionais/minoritarias. • Colaborar e debater cos compañeiros de xeito constante. • Ser testemuñas da utilidade/posibilidade de empregar unha lingua rexional/minoritaria.
Curso/idade	Bacharelato.
Pasos	<ul style="list-style-type: none"> • Escoller un tema que poida ser de interese para a comunidade da lingua minoritaria. • Proporcionar un breve titorial sobre como publicar información na Wikipedia. • Seleccionar e editar información específica para a súa publicación. • Distribuír os postos (escritor, editor, experto en Wikipedia etc.). • Coordinar o alumnado (quen publica cada cousa). • Visualizar o contido final na Wikipedia.
Duración	De 3 a 5 sesións.
Áreas implicadas	Novas tecnoloxías, debate cos compañeiros, resolución de problemas en grupo, proxecto interdisciplinario.
Modo de traballo	En grupos/equipos.
Material	Materiais relacionados co tema escollido, ordenador, Internet.
Fontes de información	Material obtido tras buscar información sobre o tema específico.
Avaliación	A mellor información publicada en liña (atendendo á calidade da lingua e do contido, á edición).
Outras actividades posibles	Ningunha.

ACTIVIDADE 7: OS NEOFALANTES DAS LINGUAS MINORITARIAS

Introdución	<p>Que é un neofalante?</p> <p>En termos demográficos, a maior parte das linguas rexionais ou minoritarias de Europa están en declive, polo que, en moitos casos, a transmisión interxeracional non garante a súa preservación. Por tanto, ademais da transmisión lingüística familiar, é fundamental incorporar neofalantes; é dicir, xente que aprendeu a lingua minoritaria fóra das relacións familiares e que a usan activamente, ás veces prioritariamente. En moitos casos, sen os neofalantes, o futuro das linguas minoritarias corre perigo.</p>
	<p>A Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias recolle como un dos seus obxectivos a oferta de servizos que axuden os novos neofalantes a aprenderen a lingua minoritaria (artigo 7.1g). Esta actividade aborda a necesidade de fomentar o aumento do número de neofalantes das linguas rexionais ou minoritarias como un obxectivo crucial para garantir o seu futuro.</p> <p>Como se identifica un neofalante?</p> <p>Aínda que calquera persoa que aprendeu unha lingua nova de adulto se pode considerar neofalante, este termo adoita empregarse para se referir á xente que incorporou activamente esa lingua no seu día a día. No caso das linguas minoritarias, os neofalantes son normalmente usuarios activos e conscientes da situación delicada en que se atopan estas linguas. De aí a importancia do seu papel.</p>
Tarefa	<p>Presentar o concepto de «neofalante» de linguas minoritarias e fomentar a conciencia crítica sobre a necesidade de neofalantes como suxeitos lexítimos e autorizados que usen linguas coas que non estaban familiarizados.</p>
Obxectivos	<p>Alumnado</p> <ul style="list-style-type: none">• Recoñecer o papel dos neofalantes na vitalidade das linguas minoritarias.• Ser capaz de identificar un novo falante.• Promover o uso activo dunha lingua minoritaria dentro do repertorio verbal.
Curso/idade	Bacharelato

Pasos	<ul style="list-style-type: none"> • Presentar o tema e abordar os retos e as oportunidades deste novo suxeito sociolingüístico. • Iniciar un debate en grupo sobre o presente e o futuro das linguas minoritarias centrado no papel dos neofalantes. • Identificar dentro da clase tanto os neofalantes que teñan familiares que usen ou usaran algunha lingua minoritaria (falantes con patrimonio lingüístico) como os neofalantes sen ese patrimonio lingüístico pero que mostren unha postura favorable sobre a lingua minoritaria falada na súa rexión e/ou no seu concello. • Coñecer experiencias familiares de xente que substituíu a lingua minoritaria pola maioritaria e/ou que se converteron en neofalantes de linguas minoritarias. • Seleccionar 2 ou 3 estudantes voluntarios para que sexan neofalantes durante un día. Reflexionar e debater en grupo sobre os resultados destas microetnografías.
Duración	De 2 a 3 sesións.
Disciplinas implicadas	Primeira e segunda lingua.
Modo de traballo	En grupos/equipos
Material	Vídeos, Internet.
Fontes de información	Material obtido tras buscar información sobre o tema específico.
Avaliación	Debate público sobre o tema.
Outras actividades posibles	Motivar o alumnado para que sexan neofalantes dunha lingua rexional ou minoritaria durante un día.

ACTIVIDADE 8: OS TIPOS DE SISTEMAS DE ESCRITA DAS LINGUAS MINORITARIAS DO TEU PAÍS

Introdución	<p>O carácter multicultural e plurilingüe dun determinado territorio é visible de xeito máis inmediato a través das diferenzas visuais nos sistemas de escrita empregados por varias linguas. Nalgúns países europeos, os diferentes alfabetos usados nas linguas minoritarias forman parte da vida cotiá ao estaren representados na paisaxe lingüística (p. ex., en forma de topónimos bilingües). Con todo, é moi habitual que a gran variedade destas interesantes diferenzas visuais entre as linguas minoritarias siga a ser unha riqueza «oculta» e descoñecida pola maior parte da sociedade xeral.</p> <p>Ensinar ao alumnado a recoñecer os diferentes alfabetos considérase unha forma sinxela de concienciar sobre a variedade das linguas minoritarias nun determinado país. Evidentemente, nalgúns territorios as diferenzas entre os alfabetos son obvias e notables, mais noutros casos ser capaz de identificar unha determinada lingua dependerá duns cantos signos diacríticos ou mesmo só dun grupo de letras. Por esta razón, a actividade proposta deberá adaptarse, loxicamente. Esta tarefa tamén pode ir máis alá de Europa para tratar outros sistemas doutras linguas naturais do mundo.</p>
Tarefa	<p>Ser capaz de identificar linguas minoritarias polo menos a través da súa forma escrita contribúe ao desenvolvemento das competencias plurilingües do alumnado relativas ás destrezas receptivas.</p> <p>Identificar diferentes linguas minoritarias a través das diferenzas visuais da súa forma escrita. Opcional: identificar diferentes sistemas de escrita.</p>
Obxectivos	<p>Xerais</p> <ul style="list-style-type: none">• Informar o alumnado sobre o aspecto visual da escrita das linguas minoritarias do seu país de residencia.• Familiarizar o alumnado cos sistemas de escrita das linguas naturais.• Concienciar sobre a existencia de comunidades minoritarias no seu país. <p>Académicos</p> <ul style="list-style-type: none">• Recoñecer e identificar linguas minoritarias pola súa escrita.• Recoñecer e identificar topónimos escritos en determinadas linguas minoritarias.• Coñecer as rexións/áreas do seu país onde hai nomes bilingües.• Ser consciente das actitudes negativas que hai ante a sinalización bilingüe.• Recoñecer as características dun determinado sistema de escrita (extra).• Poder experimentar cos determinados sistemas de escrita (extra).
Curso/idade	<p>Todos os niveis educativos, en función do grao de complexidade e de abstracción, así como da localización dos grupos minoritarios.</p>

<p>Pasos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Exercicio de recoñecemento (traballo en grupo ou por parellas) • O alumnado emparella fragmentos escritos en determinados sistemas de escrita cos nomes das linguas minoritarias. • O alumnado emparella topónimos coa lingua minoritaria. • O alumnado identifica as características máis «visibles» dos sistemas de escrita que axudan a distinguilos; identifica que tipo é (o tipo de alfabeto ou outro). • «Concurso de beleza»: que sistema che gusta máis? <p>Debate (traballo en grupo e despois coa clase)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Todas as linguas consideradas minoritarias están presentes nos sinais bilingües das fotografías? • En que rexións do teu país esperarías atopar estes topónimos? • Que relevancia/importancia teñen estes topónimos para a comunidade local? • Cal é a túa postura a este respecto? • Por que cres que ás veces eses sinais son obxecto de actos vandálicos? (se proceder). <p>Experimento</p> <ul style="list-style-type: none"> - «Mensaxe secreta». <p>Crear unha mensaxe simple co alfabeto dunha lingua minoritaria para que os demais o «descodifiquen» (nota: funciona mellor co alfabeto latino e co cirílico).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Concurso artístico • A quen se lle dá mellor copiar un texto nun sistema de escrita minoritario? • Crear elemento decorativo ou outra obra artística con fragmentos de textos.
	<p>Duración</p> <p>De 4 a 8 sesións.</p>

ACTIVIDADE 9: AS LINGUAS NON TERRITORIAIS

Introdución	Moi a miúdo, as linguas non territoriais e os seus e as súas falantes enfróntanse a problemas específicos e son discriminados. Saber máis sobre elas diminúe o medo e os prexuízos e fai posible a convivencia pacífica e unha maior xustiza social.
Tarefa	Tormenta de ideas e compilación de información sobre as linguas non territoriais e os seus falantes, preparación dunha invitación e de preguntas para falantes de linguas non territoriais.
Obxectivos	Académicos <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer a diferenza entre as linguas territoriais e as non territoriais. • Coñecer as linguas non territoriais que existen dentro e fóra do seu país. • Coñecer a contorna, a historia e os problemas das linguas non territoriais e dos seus falantes. • Saber máis sobre a cultura, o estilo de vida e as asociacións dos falantes de linguas non territoriais.
Curso/idade	Educación secundaria obrigatoria ou bacharelato (12-19).
Pasos	<ul style="list-style-type: none"> • Tormenta de ideas e debate en conxunto. Se proceder, falar da historia familiar. • Buscar máis información na biblioteca e en Internet. • Formular preguntas a falantes invitados dunha lingua non territorial (traballo por parellas). • Organizar a reunión. • Crear un póster coa información compilada. • Presentar o póster.
Duración	De 4 a 6 sesións.
Disciplinas implicadas	Disciplinas lingüísticas, historia, estudos sociais, proxecto interdisciplinario.
Modo de traballo	Traballo en conxunto, por parellas e individual.
Material	Libros de historia, información de asociacións, documentos do Consello de Europa, literatura, dicionarios.
Fontes de información	Entrevistas, Internet, diversos documentos.
Avaliación	Presentación do póster.
Outras actividades posibles	Motivar o alumnado para que prepare presentacións ou traballos científicos sobre as linguas non territoriais e os seus falantes, escriba un artigo sobre o tema no xornal escolar, faga un intercambio familiar, faga un intercambio con outros países coa mesma ou con outra lingua non territorial.

ACTIVIDADE 10: AS LINGUAS DE SIGNOS

Introdución	As linguas de signos non están protexidas pola Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias, pero diversos investigadores, Estados e asociacións están a debater a posibilidade de as incorporar. Como a miúdo se asocian cunha discapacidade no canto de seren vistas como linguas de pleno dereito, esta actividade aborda o recoñecemento xurídico, lingüístico e social das linguas de signos en xeral.
Tarefa	Tormenta de ideas e compilación de información sobre as linguas de signos e as cuestións e os retos que lles concirnen aos seus usuarios (marco xurídico, asociacións, discriminación, cultura, biografías etc.), preparación dunha invitación e de preguntas para usuarios e intérpretes de linguas de signos.
Obxectivos	<p>Académicos</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ser consciente do feito de que a linguaxe pode transmitirse de forma oral, escrita ou mediante signos. • Aprender que existen diferentes linguas de signos. • Coñecer as mencións constitucionais e xurídicas das linguas de signos. • Coñecer xente que empregue unha lingua de signos. • Coñecer obras literarias, filmes etc. que traten sobre as linguas de signos. • Aprender un par de signos. • Saber como traballan os intérpretes de linguas de signos.
Curso/idade	En función do grao de complexidade e de abstracción, desde finais da educación primaria ata o bacharelato (12-17).
Pasos	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación do tema; tormenta de ideas sobre a transmisión de mensaxes de forma oral, escrita ou mediante signos; citar xente, obras literarias ou películas asociadas coas linguas de signos; explicar que significa «bilingüe»/«plurilingüe» neste contexto (clase). • Xogo ou concurso. Como traduciría en lingua de signos o alumnado mensaxes como as seguintes: «Teño fame», «Marcho mañá», «Que hora é?». A clase adiviña. • Organizar a invitación dunha persoa xorda e dun intérprete de signos (buscar as persoas, invitalas, pensar as preguntas etc.) (traballo por parellas). • Coñecer esas persoas e facerlles as preguntas (clase). • Redactar un breve artigo, un póster ou un informe sobre o tema e publicalo nunha plataforma electrónica (traballo por parellas). • Avaliación en común dos resultados (clase).
Duración	De 2 a 4 sesións.
Disciplinas implicadas	Linguas ou ciencias sociais, proxecto interdisciplinario.

Modo de traballo	Traballo en conxunto e por parellas.
Material	Internet, biblioteca.
Avaliación	Papel, póster ou plataforma electrónica.
Fontes	Biblioteca, asociacións, contactos persoais, Internet.

Glosario⁸

1. Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias

Convenio internacional do Consello de Europa que ten como obxectivo protexer e promover as linguas rexionais e minoritarias. Entrou en vigor en 1998.

2. Consello de Europa

Organización internacional que ten como obxectivos principais defender e salvagardar os dereitos humanos, a democracia e o estado de dereito. Fundouse en 1949 e está composto por 47 Estados membro e arredor de 800 millóns de persoas. A súa sede está en Estrasburgo.

3. Dereitos lingüísticos

Dereitos civís relacionados co uso das linguas dentro dun territorio, dunha organización ou dunha institución en particular. Un exemplo é o dereito que teñen todas as persoas a seren informadas ante a xustiza nunha lingua que comprendan, ou o dereito a empregaren calquera lingua ou variedade (liberdade de elección lingüística), que é un dos dereitos fundamentais.

4. Dialecto

Unha variedade lingüística cunha gramática e un vocabulario que reflicten o contexto xeográfico e/ou social dos seus falantes.

5. Educación bilingüe

O ensino e o estudo de contidos, disciplinas, partes de disciplinas ou proxectos interdisciplinarios en dúas linguas como mínimo en calquera nivel educativo e de xeito voluntario ou obrigatorio.

6. Lexislación lingüística

Normas xurídicas aprobadas por organismos públicos relativas ao status e ao uso de lingua(s) en diferentes ámbitos: na escola, nos medios de comunicación, na Administración, na política, na cultura e na vida económica e social. No caso das linguas rexionais ou minoritarias, é preciso un marco xurídico apropiado para poder salvagardalas.

8. As definicións deste glosario non son necesariamente as mesmas ca as da Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias.

7. Lingua de signos

Lingua de índole visual, espacial, xestual e manual empregada tradicionalmente por persoas xordas e xordomudas.

8. Lingua dos e das inmigrantes

Linguas usadas polas comunidades de inmigrantes ou por persoas que, por diversas razóns (fuxiren de conflitos armados ou persecución), teñen que abandonar o seu país de orixe.

9. Lingua en perigo

Unha lingua cuxo futuro está comprometido a curto ou medio prazo. Existen diferentes graos de perigo, de leve a grave.

10. Lingua maioritaria

Nun contexto plurilingüe, trátase da lingua que normalmente ten o maior número de falantes. Con moita frecuencia, isto vai acompañado dun maior prestixio e dunha maior lexitimación en comparación coas linguas minoritarias.

11. Lingua minoritaria

A lingua que se usa tradicionalmente nun determinado territorio dun país e que é diferente á(s) lingua(s) maioritaria(s). En xeral, o número de usuarios destas linguas é inferior. Ver *lingua rexional*.

12. Lingua non territorial

Unha lingua empregada por unha comunidade e que non se asocia tradicionalmente cun territorio concreto dentro dun país.

13. Lingua oficial

Unha lingua recoñecida explicitamente como tal na lexislación dun Estado, dunha rexión ou de calquera institución pública ou privada.

14. Lingua rexional

Lingua falada nunha rexión xeográfica específica e non en todo o territorio estatal. Ver *lingua minoritaria*.

15. Multilingüismo

Coexistencia de varias linguas dentro dun determinado grupo ou sociedade, o cal non implica que o seu uso estea estendido entre o conxunto da poboación. Na realidade, todas as sociedades son multilingües. Véxase *Plurilingüismo*.

16. Neofalante

Unha persoa que inclúe no seu repertorio comunicativo unha lingua distinta á que aprendeu na súa infancia ou á da súa familia. En xeral, son linguas que se aprenden durante a socialización secundaria (sistema educativo, traballo, redes sociais). Os e as neofalantes de linguas rexionais ou minoritarias axudan a garantir a súa preservación e revitalización.

17. Paisaxe lingüística

Indicios escritos e orais visibles dunha lingua nos espazos públicos, que poden ser oficiais (sinais de tráfico, nomes de rúas, información en/sobre edificios públicos etc.), privados (cartas de restaurantes, información nas tendas, anuncios etc.) ou reivindicativos (firmas, graffiti). A paisaxe lingüística é un indicador fiable das cuestións lingüísticas dun determinado territorio e da vitalidade das linguas en contacto. A situación no contexto da cidade adoita denominarse paisaxe urbana (*cityscape*) e os indicios orais, paisaxe sonora (*audioscape*).

18. Plurilingüismo

Habilidade dun individuo para falar máis dunha lingua. Véxase *Multilingüismo*.

19. Política lingüística

Calquera intervención relativa a cuestións lingüísticas levada a cabo por unha determinada institución, ben sexa pública (p. ex., gobernos, sistema educativo, tribunais) ou privada (p. ex., empresas, familias, medios de comunicación), mediante a aplicación de leis, normas e prácticas co obxectivo de impulsar a estrutura, a función, o emprego e a adquisición dunha lingua.

20. Prexuízo lingüístico

Unha percepción subxectiva sobre as linguas e os seus falantes derivada dunha falta de coñecemento, dun sentimento ou dunha postura ideolóxica explícita. A miúdo certos prexuízos son comúns nunha sociedade, polo que son difíciles de detectar.

21. Toponimia

Os nomes de lugares e o seu estudo. A microtoponimia ocúpase dos nomes de rúas e de lugares máis pequenos, mentres que a macrotoponimia, de unidades maiores como as cidades, as provincias ou os países.

Bibliografía

Beacco, Jean-Claude; Byram, Michael; Cavalli, Marisa; Coste, Daniel; Egli Cuenat, Mirjam; Goullier, Francis; Panthier, Johanna (2010). *Guide for the development and implementation of curricula for plurilingual and intercultural education* [Guía para desenvolver e aplicar plans de estudos para a educación plurilingüe e intercultural]. Estrasburgo: Consello de Europa. www.coe.int/t/dg4/linguistic/guide_curricula_EN.asp

Beacco, Jean-Claude; Fleming, Mike; Goullier, Francis; Thürmann, Eike; Vollmer, Helmut; Sheils, Joseph (2016). *A handbook for curriculum development and teacher training. The language dimension in all subjects* [Manual de desenvolvemento curricular e formación docente]. Estrasburgo: Consello de Europa. <https://rm.coe.int/a-handbook-for-curriculum-development-and-teacher-training-the-language-dimension-in-all-subjects/16806af387>

Bernaus, Mercè (coord.) (2007). *Plurilingual and pluricultural awareness in language teacher education. A training kit* [Concienciación plurilingüe e pluricultural na educación do profesorado de linguas. Material de formación]. Estrasburgo: Centro Europeo de Linguas Modernas, Consello de Europa. http://archive.ecml.at/documents/B2_LEA_E_web.pdf

Bernaus, Mercè; Furlong, Áine; Jonckheere, Sofie; Kervran, Martine (2011). *Plurilingualism and pluriculturalism in content-based teaching. A training kit* [Plurilingüismo e pluriculturalismo na ensinanza baseada en contidos. Material de formación]. Estrasburgo: Centro Europeo de Linguas Modernas, Consello de Europa. www.ecml.at/tabid/277/PublicationID/69/Default.aspx

Camilleri Grima, Antoinette (coord.) (2007). *Promoting linguistic diversity and whole school development* [O fomento da diversidade lingüística e do desenvolvemento escolar integral]. Estrasburgo: Centro Europeo de Linguas Modernas, Consello de Europa. https://books.google.ch/books?id=Fyy80aL5GEIC&pg=PA3&lp-g=PA3&dq=Camilleri+Grima+Young+H%C3%A9lot+linguistic+diversity&-source=bl&ots=OhpR2_JmOu&sig=hhj7b81hQnmlIBNk6lkj-56NcW8&hl=-fr&sa=X&ved=0ahUKEwj5wZTj1cHaAhVhL8AKHb6PCuMQ6AEILjAB#v=one-page&q=Camilleri%20Grima%20Young%20H%C3%A9lot%20linguistic%20diversity&f=false

Candelier, Michel (coord.) (2012). *FREPA. A framework of reference for pluralistic approaches to language and culture. Competence and resources* [Marco de referencia para enfoques pluralistas sobre lingua e cultura. Coñecementos e recursos]. Estrasburgo: Centro Europeo de Linguas

Modernas, Consello de Europa. <http://www.ecml.at/Resources/ECMLPublications/tabid/277/PublicationID/82/language/en-GB/Default.aspx>

Centro Europeo de Linguas Modernas. Consello de Europa.. www.ecml.at

Consello de Europa. *European Charter for Regional or Minority Languages – Giving regional and minority languages a say!* [Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias. Dándolle voz ás linguas rexionais e minoritarias]. Estrasburgo: Consello de Europa. <https://www.coe.int/en/web/european-charter-regional-or-minority-languages/brochures>

Consello de Europa (1954). *European cultural convention* [Convenio Cultural Europeo]. Estrasburgo: Consello de Europa. www.coe.int/en/web/conventions/full-list/-/conventions/rms/090000168006457e

Consello de Europa (1992). *European Charter for Regional or Minority Languages* [Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias]. Estrasburgo: Consello de Europa. www.coe.int/en/web/conventions/full-list/-/conventions/rms/0900001680695175

Consello de Europa (1995). *Framework Convention for the Protection of National Minorities* [Convenio Marco para a Protección das Minorías Nacionais]. Estrasburgo: Consello de Europa. www.coe.int/en/web/conventions/full-list/-/conventions/rms/090000168007cdac

Consello de Europa, Comité de Ministros (1998). *Recommendation No. R(98) 6 of the Committee of Ministers to member states concerning modern languages* [Recomendación n.º R(98) 6 do Comité de Ministros para os Estados membro sobre as linguas modernas]. Estrasburgo: Consello de Europa. <https://rm.coe.int/16804fc569>

Consello de Europa. Language Policy Unit (2014). *Language for democratic and social cohesion. Diversity, equity and quality* [As linguas como elementos de cohesión democrática e social. Diversidade, equidade e calidade]. Estrasburgo: Consello de Europa. www.coe.int/t/dg4/linguistic/Source/Source2014/LPU-60ans_EN.pdf

Consello de Europa (2016). *Competences for democratic culture. Living together as equals in culturally diverse democratic societies* [Competencias para a cultura democrática. Vivir xuntos como iguais en sociedades democráticas culturalmente diferentes]. Estrasburgo: Consello de Europa. <https://rm.coe.int/16806ccc07>

Consello de Europa (2017). *Language support for adult refugees: A Council of Europe toolkit* [Apoio lingüístico para refuxiados adultos. Ferramentas do

Consello de Europa]. Estrasburgo: Consello de Europa. <https://rm.coe.int/language-support-for-adult-refugees-the-council-of-europe-toolkit/1680737a2f>

Consello de Europa (2017). *Language Education Policy Profiles* [Perfís de políticas de educación lingüística]. Estrasburgo: Consello de Europa. www.coe.int/t/dg4/linguistic/Profils_EN.asp

Cortier, Claude; Cavalli, Marisa (eds.) (2012). *Langues régionales/minoritaires dans l'éducation bi-/plurilingue – Langues d'ici, langues d'ailleurs issue du projet Langues minoritaires, langues collatérales et éducation bi-/plurilingue* [As linguas rexionais/minoritarias na educación bi/plurilingüe. Linguas de aquí, linguas de acolá, sacado do proxecto Linguas minoritarias, linguas colaterais e educación bi/plurilingüe]. Graz: Consello de Europa. <http://ebp-ici.ecml.at/Publication/tabid/2537/language/fr-FR/Default.aspx>

Halwachs, Dieter W.; Klinge, Simone; Schrammel-Leber, Barbara (2013). *Romani. Education, segregation and the European Charter for Regional or Minority Languages* [Romaní. Educación, segregación e a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias]. Graz: GLM.

Little, David; Lazenby Simpson, Barbara (2008). *A curriculum framework for Romani* [Un marco curricular para o romaní]. Estrasburgo: Consello de Europa. www.coe.int/t/dg4/linguistic/Romani_doc_EN.asp

Louarn, Malo (2013). *Der Schmierflink von Panatesien. Der erste Comic der Welt über Minderheitensprachen* [Der Schmierflink von Panatesien. O primeiro cómic do mundo sobre as linguas minoritarias]. Estrasburgo: Europarat.

McCake, Joanna; Tinsley, Teresa (coord.) (2007). *Valuing all languages in Europe* [A valoración de todas as linguas de Europa]. Estrasburgo: Centro Europeo de Linguas Modernas, Consello de Europa. <http://archive.ecml.at/mtp2/publications/valeur-report-e.pdf>

Publicacións sobre a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias: <https://rm.coe.int/publications-on-the-european-charter-for-regional-or-minority-language/16806d3652>

Sign languages and the CEFR [Linguas de signos e o CEFR]. Centro Europeo de Linguas Modernas, Consello de Europa. www.ecml.at/ECML-Programme/Programme2012-2015/ProSign/tabid/1752/Default.aspx

Timmermans, Nina (2005). *The status of sign languages in Europe* [A situación das linguas de signos en Europa]. Estrasburgo: Consello de Europa. <https://rm.coe.int/16805a2a1a>

www.coe.int

O Consello de Europa é a principal organización de dereitos humanos do continente. Está formada por 47 Estados membro, incluídos todos os membros da Unión Europea. Todos os Estados membro do Consello de Europa asinaron o Convenio Europeo de Dereitos Humanos, un acordo deseñado para protexer os dereitos humanos, a democracia e o estado de dereito. O Tribunal Europeo de Dereitos Humanos supervisa o cumprimento do Convenio por parte dos Estados membro.



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

COUNCIL OF EUROPE



CONSEIL DE L'EUROPE